| a | B3.9. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. | B3.5. Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita | LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica. | CCL<br>CD<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>e<br>i | B3.10. Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe, como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa. | co- mo medio de comunicación e de expresión creativa. | LGB3.5.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. | CCL<br>CSC |
| BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA | | | | |
| e | B4.1. Inicio na identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais, nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos | B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de | LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enuncia- dos, palabras e sílabas. | CCL<br>CAA |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | 2º |
|---|---|---|---|---|
| Obxecti vos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
| | traballados; enunciado, palabra e sílaba, nome común e nome propio.<br>B4.2. Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos. | textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB4.1.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas. | CCL<br>CAA |
| b<br>e | B4.3. Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas. | B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas. | LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| e | B4.4. Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.<br>B4.5. Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura. | B4.3. Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. | LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB4.3.2. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. | CCL<br>CAA |
| a<br>d<br>e<br>h<br>m | B4.6. Observación das diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita. | B4.4. Recoñecer de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita. | LGB4.4.1. Recoñece, de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita. | CCL<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>d<br>e<br>h<br>m | B4.7. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. | B4.5. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. | LGB4.5.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | CCL<br>CAA |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | 2º |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
| BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA | | | | |
| b<br>d<br>e<br>o | B5.1. Recreación e reescritura de diversos textos literarios sinxelos (narrativos ou poéticos): contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.<br><br>B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de | B5.1. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos. | LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. | CCL<br>CAA<br>CCEC |
| | | | LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da no- sa cultura e como recurso de gozo persoal. | CCL<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | | | |
| b<br>d<br>e<br>i | B5.3. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. | B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. | LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresiva- mente á autonomía lectora. | CCL<br>CCEC<br>CD |
| | | | LGB5.2.2. Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresiva- mente á expresividade lectora. | CCL<br>CCEC<br>CD |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>e | B5.4. Recreación e composición de poemas sinxelos e relatos breves pa- ra comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. | B5.3. Recrear e compoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos sinxelos dados. | LGB5.3.1. Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembran- zas. | CCL<br>CCEC<br>CSC |
| b<br>d<br>e | B5.5. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade. | B5.4. Participar en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade. | LGB5.4.1. Participa en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade. | CCL |
| a<br>d<br>e<br>o | B5.6. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | B5.5. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | LGB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal. | CCL<br>CSC<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>d<br>e<br>o | B5.7. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.<br>B5.8. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais. | B5.6. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais. | LGB5.6.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural. | CCL<br>CCEC |

★ Área de Matemáticas

| ÁREA | MATEMÁTICAS | | CURSO | 2º |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
| BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS | | | | |
| g<br>e | B1.1. Resolución de problemas que impliquen a realización de cálculos, explicando oralmente o significado dos datos, a situación planeada, o proceso seguido e as solucións obtidas. | B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución. | MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema. | CMCT<br>CCL |
| b<br>g | B1.2. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. | B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito. | MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas. | CMCT<br>CAA |
| b<br>g<br>i | B1.3. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe. | B1.3. Utilizar, coa guía do mestre ou da mestra, os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe e para a resolución de problemas. | MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas. | CMCT<br>CD<br>CAA |

| ÁREA | MATEMÁTICAS | | CURSO | 2º |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
| BLOQUE 2. NÚMEROS | | | | |
| b<br>e<br>g | B2.1. Números naturais ata o 999.<br>B2.2. Nome e grafía dos números ata o 999.<br>B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas e centenas<br>B2.4. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.<br>B2.5. Identifica o número anterior e o seguinte a un dado.<br>B2.6. Identifica o número maior, o menor e o igual a un dado.<br>B2.7. Redondear, aproximar e estimar.<br>B2.8. Construción de series ascendentes e descendentes. | B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados. | MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999. | CMCT<br>CCL |
| | | | MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais. | CMCT<br>CAA |
| | | | MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes. | CMCT<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>e<br>g | B2.9. Números pares e impares.<br>B2.10. Identifica e relaciona os números ordinais do 1º ao 10º.<br>B2.11. Utilización dos números ordinais. Comparación de números. | B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá. | MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais. | CMCT |
| | | | MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999. | CMCT<br>CAA<br>CCL |
| | B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas e centenas. | | MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. | CMCT |
| | | | MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares. | CMCT |
| b<br>g | B2.12. Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental.<br>B2.13. Gusto pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos resultados.<br>B2.14. Cálculo de sumas e restas | B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas. | MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados. | CMCT<br>CAA |
| | | | MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados. | CMCT<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | con levadas.<br>B2.15. Propiedades conmutativa e asociativa da suma.<br>B2.16. Proba da resta.<br>B2.17. Cálculo de multiplicacións.<br>B2.18. Construción das táboas de multiplicar e apoiándose no número de veces, suma repetida, disposición en cuadrículas...<br>B2.19. Termos da suma, resta e multiplicación.<br>B2.20. Utilización en situacións familiares da sumas, restas e multiplicacións. | | MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental. | CMCT<br>CAA |
| b<br>g | B2.21. Resolución de problemas da vida cotiá. | B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. | CMCT<br>CAA |
| | | | MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | CMCT<br>CSIEE<br>CAA |

| BLOQUE 3. MEDIDA | | | | |
|---|---|---|---|---|
| g | B3.1. Unidades de lonxitude: quilómetro, metro e centímetro.<br>B3.2. Unidades de peso: quilo, medio quilo e cuarto de quilo.<br>B3.3. Unidades de capacidade: litro, medio litro e cuarto de litro.<br>B3.4. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.<br>B3.5. Realización de medicións. | B3.1. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude. | MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude. | CMCT |
| | | B3.2. Coñecer e utilizar o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso. | MTB3.2.1. Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso. | CMCT |
| | | B3.3. Coñecer e utilizar o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade. | MTB3.3.1.Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade | CMCT |
| b<br>g | B3.6. Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano.<br>B3.7. Lectura en reloxos analóxicos e dixitais | B3.4. Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria. | MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos) | CMCT |
| | | | MTB3.4.2 Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relación. | CMCT<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>g | B3.8. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes.<br>B3.9. Manexo de prezos de artigos cotiáns<br>B3.10. Equivalencias entre moedas e billetes. | B3.5. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea. | MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas. | CMCT<br>CAA<br>CSC |
| b<br>g | B3.11. Resolución de problemas de medida. | B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida. | CMCT<br>CAA |
| | | | MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados. | CMCT<br>CAA<br>CSIEE |

| ÁREA | MATEMÁTICAS | | CURSO | 2º |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
| BLOQUE 4. XEOMETRÍA | | | | |
| g | B4.1. Elaboración de simetrías sinxelas.<br>B4.2. Eixes de simetría. | B4.1. Identificar e completar figuras simétricas. | MTB4.1.1. Completa figuras partindo do seu eixe de simetría. | CMCT |
| b<br>g | B4.3. Identificación comparación e clasificación de figuras planas en obxectos e ámbitos cotiáns: triángulos, cuadriláteros, circunferencias, círculos e cadrados.<br>B4.4. Tipos de triángulos: equilátero, isóscele e escaleno.<br>B4.5. Elementos xeométricos básicos: lado, vértice e ángulo. | B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados. | MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato. | CMCT<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>g | B4.6. Identificación de corpos xeométricos en obxectos e ámbitos cotiáns: prisma, pirámide, cono, cilindro e esfera.<br>B4.7. Formación de figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras por composición e descomposición. | B4.3. Discriminar prismas, pirámides, conos, cilindros e esferas. | MTB4.3.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato. | CMCT<br>CAA |
| b<br>g | B4.8. Interpretación, descrición e elaboración de esbozos de itinerarios sinxelos.<br>B4.9. Uso de vocabulario xeométrico para describir itinerarios. | B4.4. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares. | MTB4.4.1. Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos. | CMCT<br>CAA |
| b<br>g | B4.10. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá explicando oralmente por | B4.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a | MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados. | CMCT<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | escrito o procedemento seguido e as solución obtidas. | realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | MTB4.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | CMCT<br>CAA<br>CSIEE |
| BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE | | | | |
| b<br>g | B5.1. Interpretación de diferentes gráficos: de barras, de barras dobres, de pictogramas e estatísticas.<br>B5.2. Utilización de técnicas para a recollida e ordenación de datos en contextos familiares e próximos. | B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas… comunicando a información. | MTB5.1.1.Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas. | CMCT<br>CAA |
| | | | MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos. | CMCT<br>CAA |

| ÁREA | MATEMÁTICAS | | CURSO | 2º |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
| b<br>g | B5.3. Distinción entre o imposible, o seguro e aquilo que é posible pero non seguro, e utilización na linguaxe habitual e de expresións relacionadas coa probabilidade. | B5.2. Realizar estimacións en situacións de azar utilizando o vocabulario: seguro, posible e imposible. | MTB5.2.1. Diferenza o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible. | CMCT<br>CAA |

★ Área de Ciencias da Natureza

| ÁREA | CIENCIAS DA NATUREZA | | CURSO | 2º |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
| BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA | | | | |
| b<br>e<br>h<br>i<br>j | B1.1. Iniciación á actividade científica.<br>B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.<br>B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.<br>B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. | B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes. | CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. | CAA<br>CMCCT<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>b<br>c<br>m | B1.5. O traballo cooperativo.<br>B1.6. Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual.<br>B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. | B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. | CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CSIEE |
| BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE | | | | |
| b<br>e<br>d<br>h | B2.1. Identificación e observación das partes do corpo humano.<br>B2.2. Relación co medio e co seu contorno. | B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. | CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos. | CMCCT<br>CCL<br>CSC |
| k<br>m | B2.3. Recoñecemento da respiración e da nutrición como funcións vitais.<br>B2.4. Aceptación do propio corpo e do dos e das demais, coas súas limitacións e posibilidades.<br>B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, ledicia, felicidade) e sentimentos propios e alleos. | | CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais. | CMCCT |
| | | | CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos. | CMCCT<br>CSC<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>b<br>d<br>h<br>k<br>m | B2.6. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.<br>B2.7. Hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes no seu contorno e identificación de comportamentos apropiados de actuación cando se producen. | B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade. | CNB2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención. | CMCCT<br>CSC<br>CAA |
| | | | CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde. | CMCCT<br>CSC |
| b<br>c<br>e<br>h | B2.8. Pirámide alimentaria.<br>B2.9. Alimentos diarios necesarios.<br>B2.10. Análise de costumes na alimentación diaria. | B2.3. Deseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo. | CNB2.3.1. Identifica os alimentos diarios necesarios aplica o menú semanal de merendas na escola. | CMCCT |
| BLOQUE 3. OS SERES VIVOS | | | | |
| g<br>e<br>l | B3.1. Diferenzas entre seres vivos e inertes.<br>B3.2. Identificación das características e dos | B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao | CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno. | CMCCT<br>CCL |

| ÁREA | CIENCIAS DA NATUREZA | | CURSO | 2º |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
| | comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno. | seu medio, tendo en conta o seu contorno. | CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes. | CMCT<br>CCL |
| b<br>c<br>e<br>h<br>i<br>j<br>l<br>m<br>o | B3.3. Observación dun animal ou dunha planta no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, empregando diferentes soportes: orais, escritos, gráficos...<br>B3.4. Rexistro elemental da observación e do contraste de datos entre os compañeiros/as.<br>B3.5. Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos.<br>B3.6. Respecto polos seres vivos do contorno. | B3.2. Observar e rexistrar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes. | CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto. | CMCCT<br>CCL<br>CSC |

| BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>b<br>e<br>g<br>h | B4.1. Recoñecemento da presenza da auga e do aire no medio físico.<br>B4.2. Uso responsable da auga e valoración da importancia do aire limpo para a vida.<br>B4.3. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo. | B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable. | CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola. | CMCCT<br>CSC<br>CCL |
| | | | CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola. | CMCT<br>CSC<br>CSIEE |
| b<br>g | B4.4. Observación dos efectos da aplicación dunha forza. | B4.2. Realizar experiencias sinxelas para analizar | CNB4.2.1 Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da | CMCCT<br>CAA |
| h | B4.5 Realización de experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. | efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. | aplicación dunha forza en situacións da vida cotián. | CSIEE |
| | | | CNB4.2.2 Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. | CMCT<br>CAA<br>CSIEE |
| BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS | | | | |
| a<br>b | B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas | B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e | CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do | CMCCT<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| c<br>d<br>e<br>h<br>m | sinxelas do contorno identificando a súa utilidade evitando estereotipos sexistas.<br>B5.2. Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos simples domésticos e escolares, das partes que os compoñen e da enerxía que necesitan para funcionar.<br>B5.3. Prevención de riscos no emprego de máquinas e aparellos de uso cotián. | aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan. | seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá. | |
| | | | CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas. | CMCCT<br>CSC |
| | | | CNB5.1.3. Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas. | CMCCT<br>CSC |
| a<br>b<br>h<br>i | B5.4. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador.<br>B5.5 Coidado dos recursos informáticos. | B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso. | CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso. | CMCCT<br>CD<br>CCL |
| | | | CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. | CMCCT<br>CD |

★ Área de Ciencias Sociais

<table>
<tr><td>ÁREA</td><td colspan="2">CIENCIAS SOCIAIS</td><td>CURSO</td><td>2º</td></tr>
<tr><td>Obxectivos</td><td>Contidos</td><td>Criterios de avaliación</td><td>Estándares de aprendizaxe</td><td>CC</td></tr>
<tr><td colspan="5">BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS</td></tr>
<tr><td rowspan="2">b<br>d<br>e<br>h<br>i</td><td rowspan="2">B1.1.O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico.<br>B1.2.Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.<br>B1.3.Introdución no uso das TIC e</td><td rowspan="2">B1.1.Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.</td><td>CSB1.1.1.Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.</td><td>CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT</td></tr>
<tr><td>CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</td><td>CSIEE<br>CAA<br>CSC</td></tr>
</table>

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analizala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións.<br>B1.4. Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos. | | | |
| a<br>b<br>c<br>d<br>m | B1.5.O traballo en equipo.<br>B1.6.Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudo.<br>B1.7.Valoración do esforzo e coidado do material.<br>B1.8.A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos. | B1.2.Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas. | CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. | CSC<br>CAA |
| | | B1.3.Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo. | CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo. | CAA |
| h<br>o | B1.9.Utilización da terminoloxía propia da área. | B1.4.Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área. | CSB1.4.1.Identifica a terminoloxía propia da área. | CCL<br>CMCCT<br>CSC |

| BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>h<br>i<br>o | B2.1.Investigamos sobre os usos da auga, os lugares nos que aparece na contorna próxima e os uso responsable desta empregando as TIC. | B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben. | CSB2.1.1 Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga. | CMCCT<br>CD<br>CCL |
| | | | CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá. | CSC |
| | | B2.2. Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada. | CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio. | CMCCT<br>CD<br>CAA |
| a<br>h<br>o | B2.2.Os ecosistemas da contorna e o ser humano. | B2.3. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e espertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles. | CSB2.3.1.Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación. | CMCCT<br>CSC<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | B2.4 Realizar sinxelos traballos dalgún ecosistema en concreto: acuático, terrestre. | CSB2.4.1.Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula. | CMCCT<br>CCL |
| a<br>h<br>e<br>o | B2.3.A paisaxe natural. O coidado e a contaminación. Tipos de paisaxes. A paisaxe natural que nos rodea. Tipos de paisaxe e a súa conservación. Observación de diferentes tipos de paisaxe (a través de fotos, de imaxes da web, libros), comparación e identificación do tipo de paisaxe que corresponde ao contexto no que vive. | B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta. | CSB2.5.1.Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima. | CMCCT |
| | | | CSB2.5.2.Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior. | CMCCT<br>CCL |
| | | | CSB2.5.3.Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural. | CMCCT<br>CSC |
| h<br>e<br>o | B2.4.Realización dun mapa mental cos elementos máis significativos que conforman a paisaxe da localidade: relevo, ríos, illas, encoros, lagoas... e citar algunha característica deles. | B2.6.Identificar os elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñecer algunha características máis significativa destes. | CSB2.6.1.Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes. | CMCCT<br>CCL |

| ÁREA | CIENCIAS SOCIAIS | CURSO | 2º |
|---|---|---|---|

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
|---|---|---|---|---|
| h e o | B2.5.Rochas e minerais da contorna: cor, textura, forma, dureza. Usos básicos destes materiais. | B2.7.Identificar algunhas rochas e minerais presentes na contorna e recoñecer algúns usos que as persoas fan deles. | CSB2.7.1.Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan. | CMCCT CCL |
| h e | B2.6.Orientacións espaciais, nocións básicas que lle permitan orientarse nun debuxo ou nun plano sinxelo da contorna máis próxima. | B2.8.Empregar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse na contorna máis próxima. | CSB2.8.1.Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa. | CMCCT CAA CSIEE |
| BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE | | | | |
| a c h o | B3.1.Quen goberna a túa localidade? O Concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. | B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio. | CSB3.1.1.Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio. | CSC CCL |
| | | B3.2.Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, | CSB3.2.1.Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello. | CSC CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | policía... | | |
| | | B3.3.Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacifica. | CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacifica | CSC<br>CCL |
| a<br>h<br>d | B3.2.A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais,.. | B3.4. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais. | CSB3.4.1.Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares. | CSC |
| a<br>d<br>h<br>j<br>o | B3.3.Investigación sobre as diferentes manifestacións culturais da contorna. | B3.5.Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras mais representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación. | CSB3.5.1.Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima. | CSC<br>CCL<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| d<br>h<br>e | B3.4. Os medios de comunicación. Impacto social. | B3.6.Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais. | CSB3.6.1.Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación. | CSC<br>CCL |
| h<br>g<br>o | B3.5.As profesións. Preparar unha enquisa, para coñecer as profesións das familias do alumnado do centro, analizar cales son a as máis usuais. Indagar Naquelas que se descoñezan, as ferramentas que empregan, responsabilidade, servizos que prestan e comunicar os resultados. | B3.7.Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire. | CSB3.7.1.Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación. | CSC<br>CCL |
| | | | CSB3.7.2.Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos. | CSC |

| ÁREA | CIENCIAS SOCIAIS | | CURSO | 2º |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
| a<br>h<br>n | B3.6.Seguridade viaria como persoas viaxeiras e peóns ou persoas. | B3.8.Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e persoas e como | CSB3.8.1.Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou persoa nos medios de transporte. | CSC<br>CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | persoa usuaria de medios de transporte. | CSB3.8.2.Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos. | CSC |
| BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO. | | | | |
| h | B4.1.Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro, ano e década. | B4.1.Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro. | CSB4.1.1.Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá. | CCL<br>CMCCT |
| h | B4.2.O reloxo e o calendario como instrumentos para medir o tempo. A súa evolución. | B4.2.Coñecer os instrumentos básicos para a medida do tempo, iniciarse no seu uso e manexo. | CSB4.2.1.Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo. | CMCCT<br>CAA |
| h<br>g | B4.3.Toma de conciencia do paso do tempo investigando sobre a evolución dalgún elemento do espazo próximo (os medios de transporte, os medios de | B4.3. Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo na evolución do obxectos, persoas, feitos | CSB4.3.1.Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. | CMCCT<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | comunicación, a escola como institución, a evolución dalgún aparello), realizando unha árbore xenealóxica dunha persoa, ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna... | ou acontecementos sobre os que se investigou. | CSB4.3.2.Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais. | CCL<br>CSC<br>CMCCT |
| h<br>j<br>o | B4.4.O patrimonio histórico, cultural e artístico.<br>Coidado e conservación. | B4.4.Recoñecer a cultura e o patrimonio da contorna que nos rodea comprendendo a importancia da súa conservación. | CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana. | CSC<br>CCEC |
| h<br>j | B4.5.Os museos como espazo de aprendizaxe e de goce. | B4 5.Coñecer que é un museo, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras artísticas. | CSB4.5.1.Explica que é un museo e cales son as súas funcións. | CCL<br>CSC |
| | | | CSB4.5.2.Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio. | CSC<br>CCEC |

* <u>Valores Sociais e Cïvicos</u>

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | 2º |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
| BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA | | | | |
| m | B1.1. O autocoñecemento. A autopercepción. A imaxe dun mesmo/a. As calidades persoais. A percepción das emocións. O recoñecemento das emocións. A linguaxe emocional. | B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a en base ás autopercepcións e autodescrición de calidades. | VSCB1.1.1. Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres. | CSC<br>CCL |
| a<br>m | B1.2. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Asociación pensamento-emoción.<br>B1.3. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. | B1.2.Estruturar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva. | VSCB1.2.1. Detecta en si mesmo/a sentimentos negativos e emprega estratexias sinxelas para transformalos. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB1.2.2. Motívase mediante estratexias sinxelas de pensamento en voz alta durante o traballo individual e grupal. | CSIEE<br>CAA |
| | | | VSCB1.2.3. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das | CCL<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | súas emocións. | |
| | | | VSCB1.2.4. Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas. | CCL<br>CSC |
| b | B1.4. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. A realización responsable das tarefas escolares. A motivación. | B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación extrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos. | VSCB1.3.1. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB1.3.2. Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas. | CSC<br>CAA |
| b<br>m | B1.5. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo e nunha mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración. | B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas. | VSCB1.4.1. Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB1.4.2. Toma iniciativas de actuación durante a colaboración. | CSC<br>CSIEE |
| a<br>c | B1.6. A iniciativa. A automotivación. A autoproposta de desafíos. | B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento | VSCB1.5.1.Participa con interese na resolución de problemas | CSIEE<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común. | escolares. | |
| | | | VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia. | CSC<br>CCL |
| m | B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos. | B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal. | VSCB2.1.1 Expresar con claridade sentimentos e emocións. | CCL<br>CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB2.1.2.Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións. | CAA<br>CSIEE |
| | | | VSCB2.1.3. Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade. | CCL<br>CSC |
| m<br>e | B2.2. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas. | B2.2. Empregar a aserción. | VSCB2.2.1. Emprega a linguaxe positiva. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| c<br>m | B2.3. A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo. | B2.3. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais. | VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas. | CSC |
| a | B2.4. O respecto, a tolerancia e a valoración das demais persoas. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.<br>B2.5. A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio. | B2.4. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas. | VSCB2.4.1. Identifica distintas maneiras de ser e actuar. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSC2.4.2. Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos. | CSC<br>CSIEE |
| c<br>m | B2.6. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo. | B2.5. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas. | VSCB2.5.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB2.5.2 Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua. | CSC<br>CSIEE |

| BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>m | B3.1. Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade. Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas.<br>B3.2. Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisións. | B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos. | VSCB3.1.1. Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais. | CSC<br>CSIEE |
| b | B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. | B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas | VSCB3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. | CAA<br>CSIEE<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, compartir puntos de vista e sentimentos.<br>B3.4. Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa. | solidarias. | VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo. | CSC |
| | CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola. | X | X | X | 40% |
| | CNB4.2.1 Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situacións da vida cotián. | | | X | 10% |
| | CNB4.2.2 Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. | | | X | 10% |

| TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS | | 1º T | 2º T | 3º T | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá. | | | X | 15% |
| | CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas. | | X | X | 15% |
| | CNB5.1.3. Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas. | X | X | X | 30% |
| | CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso. | X | X | X | 20% |
| | CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. | X | X | X | 20% |

⋆ <u>Mínimos esixibles</u>

- Sabe para que son e para que serven os ósos e as articulacións.
- Coñece o nome dalgúns ósos.
- Coñece os cinco sentidos.
- Distingue alimentos que son necesarios para acadar unha dieta equilibrada.
- Identifica os animais do seu contorno segundo a súa alimentación e reprodución.
- Le comprensivamente diferentes tipos de textos curtos relacionados con estes temas.

⋆ Metodoloxía e actividades tipo

- Lectura comprensiva de textos incluídos nos caderniños de ciencias realizados pola titora.
- Realización de actividades escritas nos caderniños.
- Escoita de cancións relacionadas .
- Busca guiada de información dos distintos contidos. (en internet, biblioteca, colaboración coa familia, etc.)
- Realización de actividades grupais tales como murais, elaboración de menús....
- Exposición oral dos traballos realizados.

## f) Área de Valores Sociais e Cívicos

| A IDENTIDADE E DIGNIDADE DA PERSOA | | 1º T | 2º T | 3º T | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | VSCB1.1.1. Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres. | X | X | X | 10% |
| | VSCB1.2.1. Detecta en si mesmo/a sentimentos negativos e emprega estratexias sinxelas para transformalos. | X | X | X | 10% |
| | VSCB1.2.2. Motívase mediante estratexias sinxelas de pensamento en voz alta durante o traballo individual e grupal. | X | X | X | 10% |
| | VSCB1.2.3. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións. | X | X | X | 10% |
| | VSCB1.2.4. Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas. | X | X | X | 10% |
| | VSCB1.3.1. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración. | X | X | X | 10% |
| | VSCB1.3.2. Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas. | X | X | X | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | VSCB1.4.1. Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación. | X | X | X | 10% |
| | VSCB1.4.2. Toma iniciativas de actuación durante a colaboración. | X | X | X | 10% |
| | VSCB1.5.1.Participa con interese na resolución de problemas escolares. | X | X | X | 10% |
| | VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia. | X | X | X | 10% |

| A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓN INTERPERSOAIS | | 1º T | 2º T | 3º T | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | VSCB2.1.1 Expresar con claridade sentimentos e emocións. | X | X | X | 10% |
| | VSCB2.1.2.Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións. | X | X | X | 10% |
| | VSCB2.1.3. Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade. | X | X | X | 10% |
| | VSCB2.2.1. Emprega a linguaxe positiva. | X | X | X | 10% |
| | VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas. | X | X | X | 10% |
| | VSCB2.4.1. Identifica distintas maneiras de ser e actuar. | X | X | X | 10% |
| | VSC2.4.2. Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos | X | X | X | 10% |
| | VSCB2.5.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo. | X | X | X | 10% |
| | VSCB2.5.2 Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua. | X | X | X | 10% |

| A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS | | 1º T | 2º T | 3º T | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | VSCB3.1.1. Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas. | X | X | X | 5% |
| | VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais. | X | X | X | 5% |
| | VSCB3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. | X | X | X | 5% |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo. | X | X | X | 5% |
| | VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas da aula. | X | X | X | 5% |
| | VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares. | X | X | X | 5% |
| | VSCB3.3.3 Participa na elaboración das normas da aula | X | X | X | 5% |
| | VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar. | X | X | X | 5% |
| | VSCB3.4.1. Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade. | X | X | X | 5% |
| | VSCB3.4.2. Escoita as razón das persoas coas que entra en conflito, compréndeas, na medida das súas posibilidades e exponas oralmente. | X | X | X | 5% |
| | VSCB3.4.3. Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito. | X | X | X | 5% |
| | VSCB3.4.4. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes. | X | X | X | 5% |
| | VSCB3.5.1. Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas. | X | X | X | 5% |
| | VSCB3.5.2. Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar. | X | X | X | 5% |
| | VSCB3.5.3. Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes. | X | X | X | 5% |
| | VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares. | X | X | X | 5% |
| | VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. | X | X | X | 5% |
| | VSCB3.7.1. Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos. | X | X | X | 5% |
| | VSCB3.7.2. Razoa as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a | X | X | X | 5% |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | saúde e a calidade de vida. | | | | |
| | VSCB3.7.3.Expresa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes. | X | X | X | 5% |

⋆ Mínimos esixibles

- Entende e expón as vantaxes da axuda aos demais.
- Colabora cos seus compañeiros.
- Recoñece os dereitos dos demais.
- Propón solucións para problemas de traballo en grupo.

⋆ Metodoloxía e actividades tipo

- Ver películas sobre os contidos a traballar.
- Completar fichas sobre os temas visualizados.
- Debate por grupos.
- Talleres.
- Posta en común: debates.

## g) Área de Educación Artística (Educación Plástica)

| EDUCACIÓN AUDIOVISUAL | | 1º T | 2º T | 3º T | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | EPB1.2.1. Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas. | X | X | X | 5% |
| | EPB1.2.2. Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno. | X | X | X | 10% |
| | EPB1.3.1. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades. | X | X | X | 20% |
| | EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas. | X | X | | 15% |
| | EPB1.4.1. Identifica diferentes formas de representación do espazo. | X | X | X | 15% |
| | EPB1.4.2. Representa de diferentes maneiras o espazo. | X | X | | 15% |
| | EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado, etc. | X | X | X | 20% |

| EXPRESIÓN ARTÍSTICA | | 1º T | 2º T | 3º T | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores. | X | X | X | 15% |
| | EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias. | X | X | X | 20% |
| | EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias ( maxenta, cian e amarelo ) e secundarias ( verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízaas con sentido nas súas obras. | X | X | X | 15% |
| | EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza. | X | X | X | 10% |
| | EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores. | X | X | X | 10% |
| | EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias. | X | X | X | 10% |
| | EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias ( maxenta, cian e amarelo ) e secundarias ( verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízaas con sentido nas súas obras. | X | X | X | 10% |
| | EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza. | X | X | X | 10% |

⋆ Mínimos esixibles.

- Representa a figura humana con coherencia e proporción.
- Realiza debuxos atendendo a proporción e encadre.
- Utiliza as diferentes técnicas traballadas na aula.
- Realiza os traballos con orde e limpeza.
- Esfórzase na realización dos traballos.

⋆ Metodoloxía e actividades tipo

- Coñecer a figura humana e a súa representación.

- Debuxar tendo en conta aspectos coma o encadre, tamaño e proporción.
- Manexar diferentes técnicas de colorado: o punto, a liña, o sombreado, etc.
- Coñecer diferentes técnicas, materias e soportes empregados na área de Plástica.
- Representar animais con diferentes técnicas dentro dos seus contornos.
- Coñecer e establecer pautas para a análise dunha imaxe.
- Realizar traballos en distintas técnicas sobre as festas populares traballadas no colexio.
- Coñecer a técnica do *collage*.
- Coñecer a obra dun pintor famoso, realizando unha interpretación persoal dalgunha das súas obras.
- Fomentar a creatividade coa construción de obras empregando materias de refugallo.

# 5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

## a) Procedementos de avaliación

Os procedementos de avaliación estarán dirixidos a acadar a maior información posible, clara e concreta sobre o proceso individual de aprendizaxe do alumnado.

Durante o curso usaremos un sistema de avaliación continua, consistente na corrección das tarefas diarias realizadas en cada área. Esta avaliación considerámola moi significativa e enriquecedora, xa que son os propios alumnos os que se decatan dos seus erros ao momento podendo deste xeito autocorrexirse.

Na avaliación trimestral teremos en conta os seguintes aspectos:

- Actitude do alumno e o esforzo influíndo na cualificación final, aínda que primarán o grao de consecución dos obxectivos e competencias clave dentro de cada área.
- Aptitude individual de cada alumno. O titor ou titora valorará a aptitude despois da observación diaria e sistemática e das distintas probas aplicadas. Favorecerase o esforzo e o traballo diario de cada alumno dentro das distintas áreas e farase un reforzo positivo para aqueles alumnos que carezan de certas aptitudes nalgunhas das áreas.
- Coñecementos adquiridos en cada unha das áreas priorizando aqueles contidos relacionados cos obxectivos mínimos de cada área. Destacamos os coñecementos adquiridos a través do razoamento, abstracción, dedución, síntese e resumo pasando a un segundo plano aqueles adquiridos a través da memorización.
- Procedementos de traballo. Insistiremos nunha boa organización, orde e limpeza tanto nos seus cadernos de traballo como nos libros de texto e traballos varios realizados dentro da aula (cartolina, folios, traballos grupais, uso das novas tecnoloxías, etc.) observando o grao de interese e motivación de cada alumno tanto a nivel individual como grupal.

Dentro de cada área seguiranse unhas directrices de acordo cos resultados da avaliación realizada no curso anterior, seguindo uns parámetros determinados previamente establecidos polo equipo docente do grupo correspondente. Cada titor encargarase de cubrir o ficheiro do alumnado dentro da súa propia aula, dende o inicio de curso ata o remate do mesmo. Farase fincapé na evolución curricular de cada alumno así como nos distintos aspectos pedagóxico didácticos.

### b) Instrumentos de avaliación

Empregaranse polo tanto, como instrumentos de avaliación:

- Observación sistemática.
- Probas orais.
- Rexistro e valoración dos traballos do alumnado.
- Realización de probas escritas.
- Rúbricas e listas de control.
- Cartafol.

## 6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

### a) Concrecións metodolóxicas comúns.

O obxectivo destes principios metodolóxicos é unificar as actuacións de tódolos mestres nos diferentes cursos, dotar ao centro dunha liña común de actuación que facilite aos alumnos a xeneralización das aprendizaxes.
Fan referencia a una serie de actividades, esixencias que deben respectarse en tódolos cursos tendo en conta as características propias de cada idade.

**É obrigatorio** o cumprimento destes principios metodolóxicos por parte de todo o profesorado do centro.

Con respecto as **tarefas extraescolares** haberá un criterio común por parte de todo o profesorado e que será o seguinte neste nivel:

1. Que sirvan para reforzar o aprendido.
2. Que teñan una aplicación práctica.
3. Sirvan para crear un hábito de estudio.
4. Ten que ser una actividade máis da xornada do neno .O tempo dedicado a realizar a actividade non debe ser maior de 30 minutos nos niveis inferiores de primaria e unha hora nos niveis superiores.
5. Implicaremos ás familias na adquisición do hábito lector como fonte de lecer e de entretemento.
6. Deben de programarse posibilitando que o neno teña un tempo de diversión e descanso despois da xornada escolar.
7. Teñen que saber realizala por si mesmos.
8. Tarefas de procura de información, ver, preguntar, ler, …
9. As familias tamén estarán implicadas nalgúns dos temas monográficos traballados dende o centro ou dende a aula.
10. Os nenos deben apuntar as tarefas na axenda do alumno que serán obxecto de corrección individual por parte do docente.

Con respecto aos **cadernos**:

1. Os cadernos deben ser corrixidos e supervisados.
2. Este debe esixir limpeza organización e orde (marxe, data, cores diferentes para enunciados, datas…)
3. O caderno ten que ter continuidade: escribir sen deixar separacións grandes ou páxinas en branco. )
4. Ter en conta os cadernos á hora das avaliacións.
5. Corrixir ata 4º os cadernos de un en un. En 5º e 6º corrixir en grupo, e posteriormente o titor supervisará as correccións feitas polo alumnado. A autocorrección sempre debe ser supervisada polo titor. Verbalizar en voz alta as equivocacións.

Con respecto o traballo cas **axendas** haberá que seguir unas normas comúns de emprego en tódolos niveis de E.P. A rutina a seguir é a seguinte:

1. 1ª HORA: O alumnado coloca a axenda sobre o pupitre na páxina do día, de xeito que o mestre facilmente pode observar se hai algunha anotación.
2. Ao longo da maña os mestres escriben no encerado, sempre no mesmo lugar, nun espazo dedicado a esta finalidade, o que debe estar anotado ese día.
3. O mestre ten que asegurarse que o alumno o anote e que garde a axenda. Trátase de crear un hábito.
4. Para evitar despistes non deixaremos que a axenda se coloque dentro do pupitre ou noutro lugar. A axenda só estará sobre a mesa ou dentro da mochila.
5. A axenda debe vir asinada tódolos días polo pai ou a nai, para comprobar que a viron na casa. (deberemos ser permisivos naqueles casos nos que non existe unha boa implicación familiar no traballo escolar dos nenos, e deberemos ser estritos naqueles casos nos que intentamos acadar no alumno responsabilidade, organización…)
6. Cousas para anotar na axenda: deberes, datas de entrega de traballos, datas de exames, resultados de probas, citas para titorías, materiais que deben traer da casa…
7. Os nenos deben apuntar as tarefas na axenda do alumno que serán obxecto de corrección individual por parte do docente.

Todos os principios metodolóxicos e estratexias presentadas a continuación van dirixidos ao logro dos obxectivos de etapa e das competencias clave.

A metodoloxía será basicamente:

**Activa**, **participativa** e **comunicativa** pois o neno/a desde que entra na escola ata que sae realizará as actividades e tarefas dinamicamente e vivenciará todos os momentos da xornada como protagonista e non como mero espectador (todos falamos, opinamos, cantamos, organizamos, decidimos…)

**Inclusiva,** pois o respecto ás diferenzas estará moi presente no desenvolvemento das diversas tarefas e experiencias de aula.

Os diversos exercicios, tarefas e actividades programadas terán rigorosamente un **carácter interdisciplinar**, é dicir que todas as áreas confluirán nunha mesma dirección e programaranse entrelazando os contidos.

O traballo de aula este ano será, exclusivamente, individual debido á situación que estamos a vivir.

**O espazo da aula estará organizarse en diferentes zonas** que nos permitan levar a cabo a asemblea (tarima), onde realizaremos actividades á primeira hora (rexistro do alumnado, rexistro no calendario e tempo atmosférico no ordenador (o delegado da semana) e en papel (cada un o seu), cantar, dramatizar e presentar a planificación da xornada.

Tamén este espazo da aula será onde realizaremos a asemblea final, na que concluímos a xornada facendo un pequeno baremo do realizado na mesma.

**A organización temporal** está condicionada polas áreas das especialidades, pero basicamente organizarase o tempo da seguinte forma:

1º) Na primeira sesión: asemblea inicial, rutinas e introdución da xornada (control de asistencia, observación do tempo atmosférico, pequenos exercicios de cálculo mental...)

2º) Nas sesións antes do recreo: tarefas na súa mesa máis sinxelas.

3º) Tempo de recreo (se chove, non temos máis remedio que quedar na aula, polo que despois de tomar a súa merenda vemos unha película, charlamos entre todos/as dun tema que eliximos ou fan un debuxo, por exemplo.)

4º) Tempo de lectura (algúns días faranse lecturas voluntarias, outras de escoita a mestra que lee, outras de lectura individual.

5º) Actividade programada da área correspondente, sempre de xeito individual.

**<u>Os exercicios, tarefas, actividades e experiencias serán diversas pero en xeral serán</u>**:

As que están asociadas á área de matemáticas estarán **contextualizadas** e con especial atención ao cálculo mental

- As tarefas máis vinculadas coas áreas lingüísticas serán programadas desde unha perspectiva do **enfoque comunicativo e funcional**, deseñando actividades de **carácter aberto** e que contribúan á potenciación das catro subcompetencias básicas da linguaxe (expresión oral, expresión escrita, comprensión oral e comprensión escrita)

- En canto ás tarefas máis asociadas as áreas das ciencias terán un carácter experimental e tendo en conta as principais estratexias do método científico (que os nenos observen, propoñan as súas propias hipóteses e que concluamos cun resultado obxectivo e común).
- Na proposta das actividades plásticas estarán presentes gran variedade de técnicas e materiais. Estas actividades serán de tres tipos:

  1. Tarefas plásticas totalmente pautadas.
  2. Tarefas plásticas parcialmente pautadas.
  3. E tarefas plásticas libres.

Con respecto a **resolución de problemas** teremos en conta as seguintes rutinas para a resolución de problemas en tódalas áreas de primaria.

- Subliñar os datos e a pregunta do problema en dúas cores diferentes.

- Escribir os datos a esquerda debaixo do problema.
- Esbozar a operación.
- Escribir: Solución: ……………. euros, patacas…

**Na área de matemáticas:**

1. En 1º e 2º insistir moito na numeración: series progresivas, regresivas, nome dos números, composición e descomposición.
2. Traballar moito o cálculo mental. En tódolos cursos.
3. Traballar o significado das operación matemáticas (sumar é xuntar, unir, agrupar…, restar é quitar, sacar…)
4. Prestar especial atención á resolución de problemas. Facer problemas que reflexen a vida diaria.
5. Traballar moito o vocabulario matemático. Método de Resta tradicional.
6. Ensinar a restar de abaixo para arriba para facilitar o paso á resta con levadas.
7. A división facelas sen escribir as restas.

**Na área de naturais e sociais.**

1. 1º e 2º realizar proxectos puntuais.
2. 3º e 4º empregaranse os cadernillos elaborados polo centro.
3. 5º e 6º ensinar ao alumno a facer esquemas do tema, resumes, a organizar as ideas, a investigar sobre un tema e traballar en equipo. É preciso seleccionar ben os temas.

## b) Concrecións metodolóxicas de cada área.

⋆ Lingua Castelá e Literatura

A metodoloxía a seguir será sempre dinámica, tentando levar a cabo estratexias que fomenten a creatividade, autonomía, esforzo e favorecendo a autoestima. As metodoloxías empregar serán:

- Traballo dirixido.

- Ensaio-erro.

• Resolución de tarefas.

• Descubrimento Guiado.

• Traballo individual e cooperativo.

Do mesmo xeito as actividades e tarefas propostas serán variadas, vendo sempre o desenvolvemento das catro habilidades lingüísticas básicas: expresión y comprensión oral e escrita. Seleccionaremos este tipo de actividades:

•Ditados.

• Lectura diaria en voz alta de lecturas comúns.

• Lectura individual en silencio.

• Traballo de textos literarios.

• Exercicios de comprensión lectora.

• Creación de pequenos textos: contos, descricións, pareados, poesías, cómic…

- <u>Lingua Galega e Literatura</u>

Tendo en conta a situación do uso do galego neste nivel o obxectivo primordial será o uso do noso idioma en todas as actividades da propia área e nas festas e festivais do centro, así como en outros intres do día escolar. A metodoloxía a seguir será sempre dinámica, inclusiva, valorando a lingua menos utilizada e tentando levar a cabo estratexias que fomenten a creatividade, autonomía, esforzo e favorecendo a autoestima. As metodoloxías empregar serán:

• Traballo dirixido..

• Ensaio-erro.

• Resolución de tarefas.

• Descubrimento Guiado

• Traballo individual e cooperativo.

Do mesmo xeito as actividades e tarefas propostas serán variadas, vendo sempre o desenvolvemento das catro habilidades lingüísticas básicas: expresión y comprensión oral e escrita. Seleccionaremos este tipo de actividades:

• Ditados.

• Lectura diaria en voz alta de lecturas comúns.

• Lectura individual en silencio.

• Pequenas copias de textos literarios.

• Exercicios de comprensión lectora.

• Creación de pequenos textos: contos, descricións, pareados, poesías, cómic…

- Matemáticas

A metodoloxía a seguir será sempre dinámica, tentando levar a cabo estratexias que fomenten a creatividade, autonomía, esforzo e favorecendo a autoestima. As metodoloxías a empregar serán:

• Traballo dirixido.

• Ensaio-erro.

• Resolución de tarefas.

• Descubrimento Guiado

• Traballo individual e cooperativo.

Como actividades propostas para alcanzar os obxectivos e o desenvolvemento global do alumnado temos:

• Xogos cálculo mental.

• Resolución no caderno e noutros soportes do operacións matemáticas deste nivel.

• Resolución no caderno e noutros soportes de problemas da vida cotiá.

• Inventar problemas con solución dada.

• Uso do recuncho de xogos matemáticos para repaso e aprendizaxe de operacións básicas

* Ciencias Sociais

Dentro desta área empregarase unha metodoloxía que será basicamente dinámica e desenvolvendo estratexias de investigación, de colaboración, de intercambio de ideas e experiencias; e favorecendo a autonomía e o esforzo persoal. Actividades e tarefas tipo:

• Lectura comprensiva de textos relacionados cos temas a tratar.

• Realización de actividades relacionadas cos textos anteditos.

• Expoñer oralmente coas súas palabras diversos contidos de forma moi sinxela.

• Realización de traballos en grupo: experimentos, investigacións, murais, maquetas

* Ciencias da Natureza

Dentro desta área educativa levarase a cabo unha metodoloxía que será básicamente dinámica e desenvolvendo estratexias de investigación, de colaboración, de intercambio de ideas e experiencias; e favorecendo a autonomía e o esforzo persoal. Algunhas das actividades e tarefas propostas serán:

• Expoñer oralmente coas súas palabras diversos contidos.

• Realización de murais, maquetas...

• Procura de información e imaxes guiadas e concretas en internet e na biblioteca do centro.

• Facer pequenos lapbooks a modo de resumo da información.

- ⋆ Valores Sociais e Cívicos

A metodoloxía será activa e participativa, fomentado o debate e o respecto polas propias ideas e as dos demais. Actividades tipo:

- Ver películas/curtas sobre os contidos a traballar.
- Completar fichas sobre os temas visualizados.
- Xogos en equipo para potenciar o espírito colaborador.
- Uso das Novas tecnoloxías para favorecer a asimilación dos contidos.
- Elaboración de murais.
- Escoita de cancións alusivas a diferentes temas solidarios.
- Lecturas varias relacionadas coa interculturalidade.

- ⋆ Educación Artísitica (Educación Plástica).

Nesta área a base primordial será en todo intre fomentar a creatividade, para iso haberá un proceso individualizado tentado que o alumno e alumna desenvolva a través dos distintos sentidos, da observación directa, da procura de información empregando as TIC toda a súa potencialidade artística, empregando diferentes técnicas, materiais e soportes. As actividades e tarefas tipo serán:

- Realizar debuxos sobre diferentes temáticas: animais, planetas, familia…
- Debuxos usando as formas xeométricas.
- Facer debuxos persoais con diferentes tipos de técnicas e materiais.
- Traballos para recoñecer distintas cores primarias e secundarias.
- Actividades encamiñadas a consecución das distintas técnicas de debuxo, coloreado e perfilado.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.

# 7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os materiais e recursos utilizados serán todo o variado posible e que potencien o proceso de ensinanza-aprendizaxe, respectando sempre os criterios de seguridade, civismo e creatividade. Serán tanto de orixe rudimentario e artesanal como tecnolóxico e regrado.

Recursos e medios manipulativos:

- Obxectos reais da contorna, tanto naturais ( plantas, froitas, area, pedras, paus...) coma artificiais (canicas, papeis, teas...)
- Materiais de psicomotricidade (aros, pelotas, cordas...)
- Materiais de refugallo (cartóns, briks, tapóns...)
- Materiais manipulativos simbólicos (xogos, xoguetes...)
- Material lóxico-matemático (regretas, bloques lóxicos, dominós, tángrans, ábacos...)

Nota: o material que sexa necesario sempre será de uso individual e proporcionado polos propios nenos/as.

Recursos e medios impresos:

- Libros de texto:
    - En Lingua e Castelá e Literatura empregaremos o libro de texto LENGUA+, Tareas y destrezas comunicativas. Editorial Santillana, Edición 2021.
    - En Matemáticas empregaremos o libro de texto MATE+, Matemáticas para pensar, tamén de Editorial Santillana.
    - En Lingua Galega e Literatura non usarán libro, polo que serán os titores os que elaboren os cadernos.
    - En ámbalas dúas ciencias (CCNN e CCSS), tampouco empregarán libro de texto, polo que serán os titores os que elaboren os cadernos de traballo para as dúas ciencias.

Recursos e medios audiovisuais:

- Ordenador, cámara de fotos, proxector, pantalla dixital.
- A propia web do centro, onde se poden atopar os distintos blogues da escola.

# 8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

## a) Criterios de cualificación

★ <u>Áreas de Lingua e Literatura Castelá e Galega</u>

| CRITERIOS | % |
|---|---|
| Dominio da lectura | 30% |
| Dominio da expresión oral | 20% |
| Dominio da expresión escrita | 30% |
| Procedementos de traballo | 10% |
| Actitude cara a materia | 10% |

| DOMINIO DA LECTURA | ASPECTOS A AVALIAR | MALA | REGULAR | BOA |
|---|---|---|---|---|
| | NOTA MÁXIMA | 0.2 | 0.5 | 1 |
| 30% | MODO LECTOR | Lectura silábica. | Lectura vacilante. Repetición ou parada nalgunhas palabras sen que o indiquen os puntos de puntuación. | Lectura correcta. Fluidez axeitada, respecto dos signos de puntuación. Entoación e matices que |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | amosan sentimentos e o estado de ánimo. |
| | **VELOCIDADE LECTORA**<br><br>**PALABRAS POR MINUTO** | Menos de 50 | 50 a 80 | Máis de 80 |
| | **EXACTITUDE LECTORA** | Presenta abundantes erros de: Omisión, Adición, Substitución, Inversión, Invención. | Presenta algún erro de: Omisión, Adición, Substitución, Inversión, Invención. | Non hai erros. |

| | **ASPECTOS A AVALIAR** | **MALA** | **REGULAR** | **BOA** |
|---|---|---|---|---|
| **DOMINIO DA EXPRESIÓN ORAL**<br><br>**20%** | **NOTA MÁXIMA** | **0.1** | **0.2** | **0.4** |
| | **PRONUNCIACIÓN** | Pronuncia 5 ou máis sons de xeito inadecuado. | Pronuncia ata 5 sons de xeito inadecuado. | Pronuncia tódolos sons correctamente. |
| | **ENTOACIÓN** | Ton excesivamente alto ou baixo. | Ton bastante alto ou baixo. | Ton axeitado |
| | **FLUIDEZ**<br><br>**E**<br><br>**RITMO** | Fala nada fluída. Precisa moita axuda para iniciar ou continuar o discurso.<br><br>Fala demasiado lento ou demasiado rápido ou entrecortado. | Fala pouca fluída. Precisa algunha axuda para continuar o discurso.<br><br>Mantén un ritmo aceptable aínda que non controla ben os tempos e as pausas. | Fala fluída e espontánea.<br><br>Mantén un ritmo axeitado, distribúe ben o tempo e controla as pausas. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Titubea… | Retrousos... | |
| | **COHERENCIA** | Discurso incoherente. Sen unidade temática nin secuencia lóxica. | Discurso coherente con unidade temática e orde cronolóxico | Discurso coherente e lóxico. Destaca pola exposición das ideas de xeito claro. |
| | **VOCABULARIO** | Vocabulario impreciso. Repite moitas palabras. Confunde significado de palabras. | Vocabulario limitado e básico. | Vocabulario rico e variado. |

| | **ASPECTOS A AVALIAR** | **MALA** | **REGULAR** | **BOA** |
|---|---|---|---|---|
| **DOMINIO DA EXPRESIÓN ESCRITA**<br><br>**30%** | **NOTA MÁXIMA** | **0.1** | **0.3** | **0.6** |
| | **ESTRUCTURA** | Comete moitos erros na separación de palabras. Frases incompletas ou sen coherencia. | Separa palabras/frases aínda que comete algún erro. | Separa correctamente palabras/frases/parágrafos. Existe orde no desenrolo das ideas. |
| | **PRESENTACIÓN** | Letra dificilmente lexible. Escritos sen limpeza e sen orde. | Letra lexible. Escritos con algún riscados e pouco orde. | Letra clara e lexible. O escrito está limpo e ordenado. Respecta marxes. |
| | **VOCABULARIO** | Vocabulario moi pobre. Palabras mal adquiridas. | Vocabulario axeitado. | Vocabulario variado, emprega adxectivos e evita repeticións. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **ORTOGRAFÍA** | Moitos errores ortográficos. Non separa ben as palabras. | Algúns errores ortográficos. | Non comete erros ortográficos. |
| | **CONTIDO** | Falta de coherencia. | O texto segue un orde lóxico. | Frases e textos creativos con coherencia. |

| | **ASPECTOS A AVALIAR** | **MALA** | **REGULAR** | **BOA** |
|---|---|---|---|---|
| **PROCEDEMENTOS DE TRABALLO**<br><br>**10%** | **NOTA MÁXIMA** | **0.1** | **0.25** | **0.5** |
| | **ORGANIZACIÓN** | Nunca ou case nunca escolle e emprega os materiais axeitados a cada tarefa. Perde o material, non o coida…Non garda os seus traballos adecuadamente. | Case sempre , escolle e emprega de xeito eficiente os materiais axeitados a cada tarefa. As veces perde ou esquece o material.<br><br>As veces non garda os seus traballos correctamente. | Sempre, escolle e emprega de xeito eficiente os materiais axeitados a cada tarefa. Ten o material ordenado e coidado. Sempre garda os seus traballos correctamente. |
| | **CORRECCIÓN** | Non acepta de bo grado as correccións e hai que repetirllas constantemente. | Acepta as correccións pero hai que repetilas. | Acepta as correccións e aprende delas. |

| | **ASPECTOS A AVALIAR** | **MALA** | **REGULAR** | **BOA** |
|---|---|---|---|---|
| **ACTITUDE CARA A MATERIA**<br><br>**10%** | **NOTA MÁXIMA** | **0** | **0.1** | **0.2** |
| | **INTERÉS** | Non escoita nin atende nin fai as actividades da aula e do centro. | Atende, escoita e realiza as actividades con corrección. | Ten interese por facer as cousas moi ben, pregunta, investiga sobre os contidos . |
| | **ESFORZO** | Fai as tarefas e traballos do xeito que lle resulta máis doado e dedicándolle moi pouco tempo. | Realiza os traballos e tarefas de xeito correcto. | Trata de ser creativo, corrixir os erros, busca a perfección nos traballos e actividades. |
| | **RELACIÓNS** | Nos traballos de grupo non quere participar ou non respecta as aportacións dos demais. | Participa pasivamente, escoita e observa. | Participa activamente e respecta as aportacións dos demais. |
| | **PARTICIPACIÓN** | Rexeita participar nas actividades ou o fai de xeito non adecuado. | Participa en case tódalas actividades. | Participa activamente en tódalas actividades da aula e do centro. |
| | **ATENCIÓN** | Non atende e distrae aos demais. | As veces non atende. | Atende sempre . |

- Área de Matemáticas

| CRITERIOS | % |
|---|---|
| Numeración. | 30% |
| Cálculo. | 30% |
| Resolución de problemas. | 20% |
| Procedementos de traballo. | 10% |
| Actitude cara a materia | 10% |

| | ASPECTOS A AVALIAR | MALA | REGULAR | BOA |
|---|---|---|---|---|
| | **Nota máxima** | **0.1** | **0.4** | **0.75** |
| **NUMERACIÓN 30%** | **SERIE NUMÉRICA** | Non identifica, le ou escribe os números traballados. | Identifica, le e escribe os números traballados, aínda que comete algún erros. Ten dificultades para atopar o anterior e o posterior a un número dado ou para ordenalos e comparalos. | Identifica, le e escribe os números traballados correctamente. Identifica o anterior e o posterior a un número dado. Ordena e compara os números correctamente. |
| | **COMPOSICIÓN/ DESCOMPOSICIÓN** | Non identifica UDC… non realiza correctamente as actividades de composición e descomposición de números. | Identifica as UDC… pero comete algúns erros nas actividade de composición e descomposición de números. | Descompón os números en U,D,C… e entende o seu significado. |
| | **SERIACIÓN** | Non é quen de realizar series numéricas ou precisa axuda para facelas. | Realiza series progresivas e regresivas, pero comete algún erros. | Realiza series progresivas e regresivas dos números |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | traballados, orais e escritas. |
| | **GRAFÍA** | Non coñece nin fai ben a grafía de tódolos números traballados. | Coñece a grafía de tódolos números pero as veces comete erros ou é demasiado grande, pequena…. | Realiza correctamente a grafía de tódolos número. |

| **CÁLCULO 30%** | **ASPECTOS A AVALIAR** | **MALA** | **REGULAR** | **BOA** |
|---|---|---|---|---|
| | **Nota máxima** | **0.2** | **0.5** | **1** |
| | **MECÁNICA** | Realiza as operación con dificultade. | Comete erros bastante a miúdo. | Realiza correctamente as operacións. |
| | **COLOCACIÓN** | Non coloca ben os números para realizar as operacións. | Comete algúns erros na colocación dos números. | Coloca os números perfectamente en tódalas operacións traballadas. |
| | **CÁLCULO MENTAL** | Non realiza cálculos mentais. | Realiza cálculos mentais pero comete algúns erros. | Realiza cálculos mentais correctamente. |

| **RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS/ ADQUISICIÓN CONCEPTOS 20%** | **ASPECTOS A AVALIAR** | **MALA** | **REGULAR** | **BOA** |
|---|---|---|---|---|
| | **NOTA MÁXIMA** | **0.1** | **0.25** | **0.5** |
| | **IDENTIFICACIÓN** | Non identifica os datos/conceptos nin a pregunta. | Identifica os datos/conceptos e a pregunta pero non os subliña nin os escribe. | Subliña os datos, a pregunta. Escribe os datos/conceptos. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **RESOLUCIÓN** | Non da o resultado ou da un incorrecto. | Resultado incompleto. Non escribe a solución. | Expresa axeitadamente a solución do problema/actividade . |
| | **ESTRATEXIAS** | Non selecciona as estratexias adecuadas para a solución do problema/ actividade. | Selecciona as estratexias correctas pero fai mal os cálculos ou as aplica de xeito incorrecto. | Selecciona e aplica ben as estratexias e fai ben os cálculos. |
| | **PRESENTACIÓN** | Non hai orde nin limpeza. | Pouco orde e/ou limpeza. | Resolve o problema de xeito claro e ordenado. |

| | **ASPECTOS A AVALIAR** | **MALA** | **REGULAR** | **BOA** |
|---|---|---|---|---|
| **PROCEDEMENTOS DE TRABALLO**<br><br>**10%** | **Nota máxima** | **0.1** | **0.2** | **0.35** |
| | **ORGANIZACIÓN** | Nunca ou case nunca escolle e emprega os materiais axeitados a cada tarefa. Perde o material, non o coida…Non garda os seus traballos adecuadamente. | Case sempre , escolle e emprega de xeito eficiente os materiais axeitados a cada tarefa. As veces perde ou esquece o material. As veces non garda os seus traballos correctamente. | Sempre, escolle e emprega de xeito eficiente os materiais axeitados a cada tarefa. Ten o material ordenado e coidado. Sempre garda os seus traballos correctamente . |
| | **CORRECCIÓN** | Non acepta de bo grado as correccións e hai que repetirllas constantemente. | Acepta as correccións pero hai que repetilas. | Acepta as correccións e aprende delas. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **REALIZACIÓN DE TAREFAS** | Nunca ou case nunca fai as tarefas (na aula ou/e na casa). | Algunhas veces non fai as tarefas (na aula ou/e na casa). | Sempre fai as tarefas (na aula ou/na casa). |
| **ACTITUDE CARA A MATERIA**<br><br>**10%** | **ASPECTOS A AVALIAR** | **MALA** | **REGULAR** | **BOA** |
| | **NOTA MÁXIMA** | **0** | **0.1** | **0.2** |
| | **INTERÉS** | Non escoita nin atende nin fai as actividades da aula e do centro. | Atende, escoita e realiza as actividades con corrección. | Ten interese por facer as cousas moi ben, pregunta, investiga sobre os contidos . |
| | **ESFORZO** | Fai as tarefas e traballos do xeito que lle resulta máis doado e dedicándolle moi pouco tempo. | Realiza os traballos e tarefas de xeito correcto. | Trata de ser creativo, corrixir os erros, busca a perfección nos traballos e actividades. |
| | **RELACIÓNS** | Nos traballos de grupo non quere participar ou non respecta as aportacións dos demais. | Participa pasivamente, escoita e observa. | Participa activamente e respecta as aportacións dos demais. |
| | **PARTICIPACIÓN** | Rexeita participar nas actividades ou o fai de xeito non adecuado. | Participa en case tódalas actividades. | Participa activamente en tódalas actividades da aula e do centro. |
| | **ATENCIÓN** | Non atende e distrae aos demais. | As veces non atende. | Atende sempre . |

★ Área de Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza

| CRITERIOS | % |
|---|---|
| Adquisición de conceptos | 50% |
| Procedementos de traballos | 40% |
| Actitude cara a materia | 10% |

| | ASPECTOS A AVALIAR | MALA | REGULAR | BOA |
|---|---|---|---|---|
| **ADQUISICIÓN DE CONCEPTOS**<br><br>**50%** | **Nota máxima** | **1** | **2.5** | **5** |
| | | Non domina o tema traballado.<br><br>Non é quen de expor os contidos traballados.<br><br>Non emprega o vocabulario axeitado aos contidos. | Domina o tema pero con dúbidas. Ten dificultades para expor algunhas ideas de xeito ordenado e claro.<br><br>Non sempre emprega o vocabulario máis axeitado. | Domina o tema perfectamente empregando un vocabulario axeitado e expón as ideas de xeito ordenado e claro tanto a nivel oral como escrito. |

| | ASPECTOS A AVALIAR | MALA | REGULAR | BOA |
|---|---|---|---|---|
| **PROCEDEMENTOS DE TRABALLO**<br><br>**40%** | **Nota máxima** | **0.3** | **0.7** | **1.3** |
| | **ORGANIZACIÓN** | Nunca ou case nunca escolle e emprega os materiais axeitados a cada tarefa.<br><br>Perde o | Case sempre , escolle e emprega de xeito eficiente os materiais axeitados a cada tarefa. As veces | Sempre, escolle e emprega de xeito eficiente os materiais axeitados a cada tarefa. Ten o material |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | material, non o coida…Non garda os seus traballos adecuadamente. | perde ou esquece o material. As veces non garda os seus traballos correctamente. | ordenado e coidado. Sempre garda os seus traballos correctamente. |
| | **CORRECCIÓN** | Non acepta de bo grado as correccións e hai que repetirllas constantemente. | Acepta as correccións pero hai que repetilas. | Acepta as correccións e aprende delas. |
| | **REALIZACIÓN DE TAREFAS** | Nunca ou case nunca fai as tarefas (na aula ou/e na casa). | Algunhas veces non fai as tarefas (na aula ou/e na casa). | Sempre fai as tarefas (na aula ou/na casa). |
| **ACTITUDE**<br><br>**10%** | **ASPECTOS A AVALIAR** | **MALA** | **REGULAR** | **BOA** |
| | **NOTA MÁXIMA** | **0** | **0.1** | **0.2** |
| | **INTERESE** | Non escoita nin atende nin fai as actividades da aula e do centro. | Atende, escoita e realiza as actividades con corrección. | Ten interese por facer as cousas moi ben, pregunta, investiga sobre os contidos . |
| | **ESFORZO** | Fai as tarefas e traballos do xeito que lle resulta máis doado e dedicándolle moi pouco tempo. | Realiza os traballos e tarefas de xeito correcto. | Trata de ser creativo, corrixir os erros, busca a perfección nos traballos e actividades. |
| | **RELACIÓNS** | Nos traballos de grupo non quere participar ou non respecta as | Participa pasivamente, escoita e observa. | Participa activamente e respecta as aportacións |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | aportacións dos demais. | | dos demais. |
| | **PARTICIPACIÓN** | Rexeita participar nas actividades ou o fai de xeito non apropiado. | Participa en case tódalas actividades. | Participa activamente en tódalas actividades da aula e do centro. |
| | **ATENCIÓN** | Non atende e distrae aos demais. | As veces non atende. | Atende sempre . |

- Área de Valores Sociais e Cívicos.

| **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS** | **CRITERIOS** | **%** |
|---|---|---|
| | Procedementos de traballo | 50 |
| | Actitude cara a materia | 50 |

| **PROCEDEMENTOS DE TRABALLO 10%** | **ASPECTOS A AVALIAR** | **MALA** | **REGULAR** | **BOA** |
|---|---|---|---|---|
| | **Nota máxima** | **0.1** | **0.2** | **0.35** |
| | **ORGANIZACIÓN** | Nunca ou case nunca escolle e emprega os materiais axeitados a cada tarefa. Perde o material, non o coida…Non garda os seus traballos adecuadamente. | Case sempre , escolle e emprega de xeito eficiente os materiais axeitados a cada tarefa. As veces perde ou esquece o material. As veces non garda os seus | Sempre, escolle e emprega de xeito eficiente os materiais axeitados a cada tarefa. Ten o material ordenado e coidado. Sempre garda os seus traballos |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | traballos correctamente. | correctamente . |
| | **CORRECCIÓN** | Non acepta de bo grado as correccións e hai que repetirllas constantemente. | Acepta as correccións pero hai que repetilas. | Acepta as correccións e aprende delas. |
| | **REALIZACIÓN DE TAREFAS** | Nunca ou case nunca fai as tarefas (na aula ou/e na casa). | Algunhas veces non fai as tarefas (na aula ou/e na casa). | Sempre fai as tarefas (na aula ou/na casa). |
| **ACTITUDE CARA A MATERIA**<br><br>**10%** | **ASPECTOS A AVALIAR** | **MALA** | **REGULAR** | **BOA** |
| | **NOTA MÁXIMA** | **0** | **0.1** | **0.2** |
| | **INTERÉS** | Non escoita nin atende nin fai as actividades da aula e do centro. | Atende, escoita e realiza as actividades con corrección. | Ten interese por facer as cousas moi ben, pregunta, investiga sobre os contidos . |
| | **ESFORZO** | Fai as tarefas e traballos do xeito que lle resulta máis doado e dedicándolle moi pouco tempo. | Realiza os traballos e tarefas de xeito correcto. | Trata de ser creativo, corrixir os erros, busca a perfección nos traballos e actividades. |
| | **RELACIÓNS** | Nos traballos de grupo non quere participar ou non respecta as aportacións dos demais. | Participa pasivamente, escoita e observa. | Participa activamente e respecta as aportacións dos demais. |
| | **PARTICIPACIÓN** | Rexeita participar nas actividades ou o fai de xeito | Participa en case tódalas actividades. | Participa activamente en tódalas actividades da |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | non adecuado. | | aula e do centro. |
| | **ATENCIÓN** | Non atende e distrae aos demais. | As veces non atende. | Atende sempre . |

★ <u>Área de Educación Artística (Educación Plástica)</u>

| | CRITERIOS | % |
|---|---|---|
| **ED. PLÁSTICA** | Destreza e habilidades. | 50 |
| | Creatividade. | 30 |
| | Esforzo. | 20 |

| ASPECTOS A AVALIAR | MALA | REGULAR | BOA |
|---|---|---|---|
| **NOTA MÁXIMA** | **1** | **2.5** | **5** |
| **DESTREZA E HABILIDADES** | Non é quen de realizar os traballos e non domina ningunha das técnicas traballadas. | Realiza con relativa corrección a maioría dos traballos e emprega algunhas das técnicas traballadas | Realiza con corrección e limpeza os diferentes traballos artísticos empregando as diferentes técnicas traballadas. |
| **NOTA MÁXIMA** | **1** | **1.75** | **3** |
| **ESFORZO** | Fai as tarefas e traballos do xeito que lle resulta máis doado e dedicándolle moi pouco tempo. | Realiza os traballos e tarefas de xeito correcto. | Trata de ser creativo, corrixir os erros, busca a perfección nos traballos e actividades. |

| NOTA MÁXIMA | 0.5 | 1 | 2 |
|---|---|---|---|
| CREATIVIDADE | Limítase e realizar os traballos seguindo as pautas aportadas sen engadir nada propio. | Segue as indicacións aportada e engade algún elemento propio. | Amosa gran creatividade e imaxinación na elaboración dos traballos engadindo elementos e variacións propias. |

## b) Criterios de promoción

Acordo coa Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación os criterios xerais sobre a avaliación serán os seguintes:

- A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, e do exercicio da práctica docente
- O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.
- Aplicaranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos de avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.
- Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
- Cando as circunstancias persoais da alumna ou alumno con necesidades educativas especiais o aconsellen, para a consecución dos obxectivos do ensino básico, este alumnado poderá prolongar un curso adicional a súa escolarización. Estas circunstancias poderán ser permanentes ou transitorias e deberán estar suficientemente acreditadas polos servizos de orientación.
- A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se estable e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.
- A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

- No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto co o se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Os criterios para establecer medidas de reforzo educativo serán as seguintes:

- Tras unha avaliación inicial desfavorable.
- Cando o equipo docente perciba unha diminución no rendemento académico durante un período de tempo prudencial.
- Tras o análise de malos resultados académicos tras a avaliacion.
- Cando se acheguen informes psicopedagoxicos ou médicos que avalen unha serie de necesidades específicas.

Promoción.

- Nos cursos primeiro, terceiro e quinto a promoción será automática.
- Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado.
- A decisión de promoción será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

| Remate. | Situación. | | Decisión. | Outros. |
|---|---|---|---|---|
| 1º-3º-5º | Tódolas situacións. | | Promoción automática. | |
| 2º-4º-6º | Aproba tódolas asignaturas. | | Promociona | |
| 2º-4º-6º | Suspende unha asignatura. | | Promociona | En todo caso sera o equipo docente, tomando en especial consideración a información do profesorado titor quen decidirá en última instancia e tomará as decisións oportunas tendo en conta o |
| 2º-4º-6º | Suspende Lingua Castelá e Matemáticas ou suspende tres ou máis materias curriculares | Non repetiu | Non promociona | |
| | | Repetiu | Promociona | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | calquera. | | | recollido neste documento, así como calquera outra información relevante con respecto ao alumna/o.<br><br>En todo momento prestarase especial atención ao benestar do alumnado tanto a nivel académico como social. |

- O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
- A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumnado, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.
- A decisión de non promoción só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.
- Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, seguirase a establecido na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado.
- Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.
- Cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

# 9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Nas sesións de avaliación serán revisados os proceso de ensinanza e a práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluirá os seguintes aspectos:

a. Valoración dos resultados xerais do grupo.
b. Valoración dos resultados por áreas.
c. Valoración do proceso de ensinanza-aprendizaxe: medidas de atención a diversidade aplicadas, clima de traballo na aula, coordinación do equipo docente.
d. Os procedementos e instrumentos de avaliación.
e. Grao de desenvolvemento das competencias clave e logro de estándares de aprendizaxe.
f. Metodoloxía empregada.

Todos estes aspectos quedarán recollidos nas actas de avaliación de cada trimestre.

# 10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

Tendo en conta e establecido nas Instrucións do 30 de xullo de 2021, a avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisión profesionais de actuación por parte do profesorado.
b) Realización de probas de avaliación inicial.

Os resultados das probas de avaliación inicial serán analizados e comunicados ao departamento de orientación para a posta en marcha de posibles apoios.

Estes resultados servirán para adaptar a programación de aula ao nivel de competencia curricular do grupo de alumnos/as.

# 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Tal e como establece a **Orde do 8 de setembro de 2021**, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación:

a) Na atención ao alumnado con NEAE, coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurarase a súa participación e implicación no desenvolvemento das acción educativas.
b) Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste, de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, as súas circunstancias

Porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Algunha das medidas ordinarias que se poderán poñer en marcha unha vez que se detecten as dificultades, son as que seguen:

- Reforzo Educativo: no contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación: para dar resposta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Programas de enriquecemento curricular: destinado ao alumnado talentoso ou de altas capacidades con avaliación psicopedagóxica do servizo de orientación do centro que así o determine, que non foi obxecto de flexibilización.
- Metodoloxía: empregaranse de forma prioritaria as metodoloxías que promovan a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, como o aprendizaxe por proxectos.
- Programas de recuperación: para alumnado que non promocione ou que promocione con algunha cualificación negativa.
- Programas específicos personalizados: levaranse a cabo cando se detecten diferentes problemáticas de tipo individual e contando coa colaboración das familias, como por exemplo, o programa de adquisición de hábitos de traballo na casa ou outros que se elaboren ante determinados problemas de disciplina.
- Aplicación no recollido nos protocolos de TDAH, TEA, altas capacidades, dislexia … cando sexa preciso.

## 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O alumnado deste curso participará como mínimo en:

| ACTIVIDADE | DATA |
|---|---|
| Samaín-Halloween | Venres, 28 de outubro. |
| Magosto | Martes, 15 de novembro |
| Nadal | Xoves, 22 de decembro. |
| Día da Paz | Luns, 30 de xaneiro. |
| Entroido | Venres, 17 de febreiro. |
| Letras Galegas | Martes, 16 de maio |
| Xogos Florais | Derradeira semana de abril. |

Ademais, realizaranse todas aquelas actividades complementarias programadas na PXA para o noso curso, e aquelas que se axusten á nosa programación.

## 13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Para a avaliación do **proceso de ensinanza e a propia práctica docente**, teranse en conta os seguintes aspectos, sendo o 1 conseguido e o 2 pouco conseguido.

| | Indicadores | 1 | 2 |
|---|---|---|---|
| Alumnado | Adecuación da programación ao contexto de centro e aula. | | |
| | Organización e funcionamento do grupo de clase. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Resposta á diversidade do alumnado. | | |
| | Consecución das finalidades sintetizadas na programación. | | |
| | Funcionalidade da metodoloxía adoptada. | | |
| | Emprego de recursos da aula e do centro. | | |
| | Proposta de actividades adecuada e motivadora. | | |
| | Eficacia dos procesos de avaliación (inicial e continua). | | |
| | Funcionalidade dos procedementos e instrumentos de avaliación. | | |
| Familias | Realización de reunións grupais e claridade na transmisión de información. | | |
| | Realización de reunións individuais co conseguinte establecemento dunha relación de confianza e cooperación. | | |
| | Claridade e eficacia na transmisión de informacións. | | |
| Equipo docente | Funcionalidade das reunións de coordinación. | | |
| | Utilidade das informacións intercambiadas relevantes ao alumnado para o exercicio das funcións docentes. | | |
| | Funcionalidade e utilidade das reunións de avaliación. | | |
| | Prevención, seguimento e detección de problemas e dificultades. | | |
| | Precisión de informacións, proposta e execución de recursos e medidas para dar resposta á diversidade do alumnado. | | |

# 14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.

**Tempo mínimo diario para a lectura**

Lectura diaria individual nas áreas das linguas no primeiro e segundo trimestre. No terceiro realizarase a lectura de xeito colectivo de polo menos trinta minutos diarios. Tamén se realizará complementariamente nas distintas áreas e dentro do plan lector.

Polo tanto, dedicarase un tempo de cada sesión a mellorar as competencias lingüísticas xerais do/a alumno/a en cada unha das áreas do currículo.

**Prácticas de fomento da lectura**

Establecerase unha sesión diaria de lectura na que o alumnado lerá o mesmo libro de xeito colectivo (terceiro trimestre) e asistirá unha hora semanal á Biblioteca Escolar do Centro para realizar lectura individual (todo o curso). Realízanse actividades de comprensión lectora necesarias para mellorar o seu rendemento e fomento das habilidades lectoras como: recitar poemas, trabalinguas, adiviñas, realizar dramatizacións, debates, etc.

**Prácticas de fomento da escritura**

Dedicarase polo menos unha sesión semanal á produción de diferentes tipos de textos, elaborando cada nivel un listado de textos escritos para traballar co alumnado en función da dificultade. Levaranse a cabo ditados, composicións, textos dirixidos, resumo de contos, ...

Farase un listado de vocabulario novo de cada unha das áreas, prestando especial atención as regras ortográficas e o uso axeitado do significado.

**Prácticas de comprensión oral e escrita**

Levaranse a cabo debates, lecturas colectivas, exposicións sinxelas sobre diferentes temas, técnicas de animación a lectura, mesas redondas para mediar na resolución de conflitos, ...

Na comprensión escrita pódense realizar fichas guiadas de cada libro lido, uso da biblioteca de aula e do colexio cos seus servizos de préstamo, realizaranse avaliacións de lectura comprensiva e velocidade lectora.

**Participación nas actividades anuais:**

**Préstamo** cada grupo de alumnos dispón dunha sesión semanal dentro do horario escolar para asistir á Biblioteca. Esta sesión pódese aproveitar para levar a cabo o servicio de préstamo da Biblioteca. Normalmente cada semana faise cambio de libro , aínda que se pode renovar dependendo da lectura. De xeito alternativo, para traballar as competencias lingüísticas en galego e en castelán, vanse elixindo os títulos.

**Libros de lectura colectiva:** lectura de coleccións tanto en galego coma en castelán. É unha lectura obrigatoria. Normalmente faise unha lectura en voz alta onde se valoran e perfeccionan os aspectos relacionados coa mesma.

Outra das actuacións en relación coa integración do currículo dende a biblioteca, é a continuación da lectura duns **itinerarios lectores** que teñen unha mínima calidade e que teñen unha temática en consonancia cos contidos curriculares traballados no centro, elixidos en consenso entre o claustro de profesores e o equipo de biblioteca.

| | | | |
|---|---|---|---|
| **LECTURAS EN GALEGO** | “A galiña azul” | “A viaxe do vento pequeno” | “Os bolechas educan a Pepiño Chispa” |
| **LECTURAS EN CASTELÁN** | “Ríe que Ríe” | “Guillermo y el miedo” | “Mucky y el ratón Ignacio” |

**Colaboraremos no proxecto sobre a saúde** proposto dende a biblioteca para este curso.

Ademais faremos uso da biblioteca escolar e participaremos nas distintas actividades propostas dende o equipo de biblioteca.

# 15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Tratarase de contribuír ao logro dos obxectivos do plan TIC que se citan a continuación e que non están redactados por orde de prioridade nin de temporalidade. Son aqueles que entendemos útiles para acadar a competencia dixital.

- Fomentar o uso da páxina web do CEIP Mestre Valverde Mayo (http://centros.edu.xunta.es/ceipmestrevalverdemayo) como canle de información, comunicación, participación e colaboración coa comunidade educativa.
- Empregar a aula virtual como medio de traballo cos/cas nenos/as ao menos unha vez á semana. Algunha sesión pode ser na hora semanal na que os nenos e nenas de 2º EP acoden á aula de informática.
- Usar a páxina web do centro como referente de actividades avaliativas realizadas polo profesorado e dirixidas especialmente ó alumnado do noso centro.
- Fomentar de igual xeito o uso das TIC para a procura de información non só profesional senón tamén de experiencias que poidan servir na práctica docente a todo o profesorado de áreas e materias.
- Favorecer o intercambio de experiencias propias ou alleas a través de Internet.
- Impulsar o uso desta ferramenta tecnolóxica a todo ó alumnado en xeral e especificamente como unha ferramenta moi interesante cos alumnos con NEE ou con necesidades de reforzo e/ou apoio na aprendizaxe.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado e a motivación e o seu afán de coñecemento mediante o acceso as distintas ferramentas TIC.
- Facilitar ó alumnado estratexias para coñecer, comprender, aplicar e analizar información mediante o uso das TIC.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas distintas áreas.
- Empregar o ordenador como xeito de expresión, creación, aprendizaxe, cooperación e integración.

- Fomentar o uso das TIC na ANPA do centro, favorecendo o aproveitamento das infraestruturas do colexio para a aprendizaxe de coñecementos mínimos para un uso básico das TIC en relación ós seus fillos.
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC motivadas pola situación social.

A proposta de actuación con respecto ó alumnado adaptarase ó nivel no que se atopa. E co fin de garantir unha atención individualizada e a relación 1:1 (alumno-PC), co apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria levarase a cabo o desdobramento do grupo en dous grupos máis reducidos que acudiran a aula de informática do centro unha sesión semanal cada un. Esta asistencia é totalmente independente da que se realice como complemento ó traballo da aula ordinaria na consecución da competencia dixital.

Os contidos a traballar serán:

- O sistema operativo de Windows
- O escritorio
- Uso do rato e o teclado
- Páxina web do colexio: a radio, o Profesor Despistatus, actividades interactivas...
- Procura de información e imaxes

## 16. ANEXO I – ÁREAS IMPARTIDAS POR DOCENTES ESPECIALISTAS

# ANEXO 1

# ÁREAS IMPARTIDAS POR DOCENTES ESPECIALISTAS.

## a) Área de Lingua Estranxeira: Inglés

ÍNDICE

RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DA TEMPORALIZACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

| | 1. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDAREES | | DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|---|---|---|
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS | | | | |
| b<br>f | B1.1. Estratexias de comprensión:<br>Iniciación, a través do xogo e da expresión corporal e musical, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación moi sinxelas conectadas cos intereses do alumnado.<br>Captación da idea global e | B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión. | PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. | CCL |
| | | | PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. | CCL |

| | 1. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDAREES | | DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|---|---|---|
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
| | identificación dalgúns elementos específicos en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.<br><br>Identificación do tema de textos sinxelos, adaptados á idade e próximos á súa experiencia (contos, rimas, cancións…).<br><br>Asociación de palabras e expresións sinxelas con elementos paraverbais.<br><br>Asociación de palabras e frases sinxelas con elementos xestuais e visuais ou co apoio de ilustracións en soporte papel e dixital.<br><br>Seguimento verbal e non verbal de instrucións moi sinxelas.<br><br>Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e expresións moi básicas da lingua estranxeira.<br><br>B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de | B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos…), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.<br><br>B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.<br><br>B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos. | PLEB1.3. Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.<br><br>PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down…). | CCL<br><br>CAA<br><br>CCL |

| | 1. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDAREES | | DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|---|---|---|
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
| | entoación sinxelos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo, e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral. | | | |
| BLOQUE 2. PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS | | | | |
| b<br>c<br>i | B2.1. Estratexias de produción:<br>Planificación:<br>Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.<br>Execución: | B2.1. Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores | PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles. | CCL |

| | 1. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDAREES | | DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|---|---|---|
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
| | Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.<br><br>Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais.<br><br>Usar linguaxe non verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).<br><br>Sinalar obxectos ou realizar accións que aclaren o significado.<br><br>Participar en representacións, memorizar e recitar poemas, cantar cancións, contar contos etc., empregando respostas verbais e non | básicos (and/or).<br><br>B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.<br><br>B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario. | PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos). | CCL |

| | 1. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDAREES | | DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|---|---|---|
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
| | verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica).<br><br>Reproducir textos orais coñecidos, repetir e reproducir de acordo con modelos orais.<br><br>Imitar situacións de comunicación breves a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas etc.<br><br>Participar con actitude de colaboración en xogos, dramatizacións... que precisen de sinxelas intervencións orais.<br><br>Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación, seguindo modelos.<br><br>Participar oralmente en situacións | | PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. | CSC |
| | | | PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. | CCL<br><br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDAREES | | DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | |
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
| | reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais facilitadas por rutinas de comunicación.<br><br>Producir textos orais moi sinxelos e coñecidos previamente mediante a participación activa en rutinas, representacións, cancións, recitados, dramatizacións etc.<br><br>B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos: iniciación a algúns aspectos básicos da fonética, do ritmo, acentuación e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral. | | PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. | CSC |
| BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS | | | | |

| | 1. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDAREES | | DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|---|---|---|
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
| b<br>f | B3.1. Estratexias de comprensión:<br>Activación progresiva dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema de textos próximos a súa idade.<br>Identificación, moi guiada, da idea global de textos sinxelos e do seu interese (contos, cancións, rimas…) co apoio das ilustracións correspondentes.<br>Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto co apoio de | B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.<br>B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.<br>B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas | PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | CCL |
| | | | PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. | CCL |

| | 1. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDAREES | | DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|---|---|---|
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
| | ilustracións.<br><br>B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br><br>Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.<br><br>Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidades do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.<br><br>B3.3. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:<br><br>Identificación y uso de léxico e de estruturas elementais propias da lingua estranxeira, previamente empregadas.<br><br>Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan | relacionados coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.<br><br>B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando una entoación e pronuncia adecuadas | PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran. | CCL<br><br>CAA |
| | | | PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles. | CCL<br><br>CAA |

| | 1. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDAREES | | DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|---|---|---|
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
| | expresións orais coñecidas. | | | |
| BLOQUE 4. PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS | | | | |
| b<br>f<br>i | B4.1. Estratexias de produción:<br>Planificación:<br>Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral… próximos a súa idade.<br>Execución:<br>Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.<br>Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e material dixital adaptado á súa idade.<br>Seleccionar e empregar progresivamente o léxico adecuado ao tema.<br>Iniciarse no uso dalgún recurso | B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.<br>B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.<br>B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non | PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | CCL |
| | | | PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela. | CCL |
| | | | PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia | CCL |

| | 1. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDAREES | | DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|---|---|---|
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
| | cohesivo para non repetir palabras.<br><br>Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais sinxelas e de lectura.<br><br>Iniciarse no emprego de materiais dixitais próximos a súa idade para reproducir mensaxes escritos sinxelos.<br><br>B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:<br><br>Uso dos signos de puntuación máis básicos.<br><br>Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas. | necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada. | e con léxico relacionado co tema da escritura. | CAA |
| | | | PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...). | CCL<br><br>CAA |
| | | | PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. | CCL |
| BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL | | | | |

| | 1. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDAREES | | DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|---|---|---|
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>▪ Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.<br>▪ Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.<br>▪ Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidades do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>▪ Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>▪ B5.2. Funcións comunicativas:<br>▪ Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.<br>▪ Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das | ▪ B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.<br>▪ B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.<br>▪ B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.<br>▪ B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.<br>▪ B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.<br>▪ B5.6. Comprender e expresar a posesión.<br>▪ B5.7. Expresar e identificar os seus gustos.<br>▪ B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis | ▪ PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas …) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me…). | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB5.5.Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas. | ▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB5.7. Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira | ▪ CCL |

| | 1. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDAREES | | DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|---|---|---|
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
| | demais (nome, apelido, idade, gustos).<br>▪ Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os animais máis próximos a súa contorna, bebida…Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico etc.<br>▪ Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a localización de obxectos etc.<br>▪ Identificación e seguimento de instrucións.<br>▪ Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa.<br>▪ Expresión do que lle gusta e non lle gusta.<br>▪ Identificación dos materias que compoñen os obxectos.<br>▪ Identificación das partes do corpo e da cara.<br>▪ Identificación dos membros da familia próximos.<br>▪ Identificación dos elementos máis próximos á súa contorna.<br>▪ Expresión de habilidade e | básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.<br>▪ B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.<br>▪ B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como "e, ou", adecuándoas aos propósitos comunicativos.<br>▪ B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.<br>▪ B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.<br>▪ B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.<br>▪ B5.14. Valorar as linguas | persoa.<br><br>▪ PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.<br><br>▪ PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.<br><br>▪ PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples. | <br><br>▪ CCL<br><br>▪ CCL<br>▪ CSC<br><br>▪ CCL<br>▪ CSC |

| | 1. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDAREES | | DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|---|---|---|
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
| | capacidade para realizar unha acción en negativa e afirmativa.<br>▪<br>▪ Realización de preguntas e respostas en relación ao permiso e axuda.<br>▪ Formulación de preguntas e respostas sobre o estado de ánimo.<br>▪ Formulación de preguntas e respostas en relación á cantidade.<br>▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:<br>▪ Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita e estado (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, What's your favourite colour?, My favourite colour is/It´s, | estranxeiras como instrumento de comunicación.<br>▪ B5.15. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. | ▪ PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados,dramatizacións etc. | ▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored…). | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | 1. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDAREES | | DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|---|---|---|
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
| | I´m (hungry)).<br>▪ Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico (What day is it today?, It´s, What´s the weather like today?, It´s, What month are you in?, I´m in).<br>▪ Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where´s is it?, It´s in/on/under/next to).<br>▪ Identificación e seguimento de instrucións (Touch your (legs)…).<br>▪ Expresión de posesión en primeira e terceira persoa (I´ve got, He/She´s got) e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa (Have you got?, Yes, I have/No, I haven´t, Has he/she got?, Yes, he/she has, No, he/she hasn´t).<br>▪ Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I | | ▪ PLEB5.15. Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | 1. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDAREES | | DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|---|---|---|
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
| | like (salad), I don´t like (chips)).<br>▪ Expresión de cantidade: contar desde 21 a 50.<br>▪ Expresión das cores, das partes do corpo e cara, de elementos próximos (What´s this?, It´s…), membros da familia (Who´s this ?, This is my (brother), alimentos (What´s this?, This is).<br>▪ Identificación das pezas de roupa (I´m wearing).<br>▪ Expresión de habilidade en afirmativa e negativa (I can, I can´t).<br>▪ Preguntas e respostas sobre permiso e axuda (Can I…?).<br>▪ Preguntas e respostas sobre o estado de ánimo (Are you (hungry?, Yes, I am/No I´m not).<br>▪ Expresión da cantidade de obxectos o persoas (How many… are there?. | | ▪ PLEB5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | ▪ CCL |

| | 1. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDAREES | | DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|---|---|---|
| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
| | ▪ B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a cores, números ata o 50, materiais escolares, formas xeométricas básicas, membros da familia, comidas e bebidas máis cotiás, xoguetes, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, accións, materiais, animais domésticos (de compañía e de granxa), partes do corpo e da cara, e partes da casa. | | | |

## 2. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DA TEMPORALIZACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

| ESTÁNDARES | 1º | 2º | 3º | % |
|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. | X | | | 50,00% |
| ▪ PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. | X | | | 50,00% |
| ▪ PLEB1.3. Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. | | | X | 50,00% |
| 11. PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down…). | | X | | 50,00% |
| ▪ PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles. | | | X | 40,00% |
| ▪ PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. | X | | | 60,00% |
| ▪ PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. | | X | | 40,00% |
| ▪ PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. | X | | | 60,00% |
| ▪ PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | | X | | 50,00% |
| ▪ PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. | X | | | 50,00% |
| ▪ PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran. | X | | | 50,00% |
| ▪ PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social. | | | X | 50,00% |
| ▪ PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais. | | | X | 50,00% |
| ▪ PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me…). | | X | | 50,00% |
| ▪ PLEB5.5.Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado. | | | X | 50,00% |
| ▪ PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas. | | X | | 50,00% |
| ▪ PLEB5.7. Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa. | | | X | 50,00% |
| ▪ PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta. | | | X | 50,00% |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples. | | | X | 50,00% |
| ▪ PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades. | | | X | 30,00% |
| ▪ PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored…). | X | | | 50,00% |
| ▪ PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. | | | X | 30,00% |
| ▪ PLEB5.15. Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula. | X | | | 60,00% |

## MÍNIMOS ESIXIBLES

- Comprender preguntas e instrucións básicas orais de uso diario ou cotiá relativas ao nome, estado de ánimo, ao tempo, cantidades, cores, animais, a data e á familia.
- Ser quen de comprender instrucións orais básicas expresadas pola docencia con apio xestual: *open/close your book, stand up/sit down, cut, glue, circle, colour.*
- Ser capaz de identificar e expresar de forma oral o 50% do vocabulario traballado relativo ás partes do corpo, as mascotas, as cantidades ata o 20, os xogos e as prendas de vestir.

## PROCEDEMENTOS

Os procedementos de avaliación estarán dirixidos a acadar a maior información posible, clara e concreta sobre o proceso individual de aprendizaxe do alumnado.

Empregaranse polo tanto:

- Observación sistemática.
- Probas orais.
- Rexistro e valoración dos traballos do alumnado.
- Rúbricas e listas de control.
- Cartafol

Durante o curso usaremos un sistema de avaliación continua, consistente na correción das tarefas diarias realizadas en cada área. Esta avaliación considerámola moi significativa e enriquecedora, xa que son os propios alumnos os que se decatan dos seus erros ao momento podendo deste xeito autocorrexirse.

Na avaliación trimestral teremos en conta os seguintes aspectos:

- Actitude do alumno e o esforzo influíndo na cualificación final, aínda que primarán o grao de consecución dos obxectivos e competencias clave dentro de cada área.
- Aptitude individual de cada alumno. O titor ou titora valorará a aptitude despois da observación diaria e sistemática e das distintas probas aplicadas. Favorecerase o esforzo e o traballo diario de cada alumno dentro das distintas áreas e farase un reforzo positivo para aqueles alumnos que carezan de certas aptitudes nalgunhas das áreas.
- Coñecementos adquiridos en cada unha das áreas priorizando aqueles contidos relacionados cos obxectivos mínimos de cada área. Destacamos os coñecementos adquiridos a través do razoamento, abstración, deducción, síntese e resumo pasando a un segundo plano a queles adquiridos a través da memorización.
- Procedementos de traballo. Insistiremos nunha boa organización, orde e limpeza tanto nos seus cadernos de traballo como nos libros de texto e traballos varios realizados dentro da aula (cartolina, folios, traballos grupais, uso das novas tecnoloxías, etc.) observando o grao de interese e motivación de cada alumno tanto a nivel individual como grupal.

Dentro de cada área seguiranse unhas directrices de acordo cos resultados da avaliación realizada no curso anterior, seguindo uns parámetros determinados previamente establecidos polo equipo docente do grupo correspondente. Cada titor enacargarase de cubrir o ficheiro do alumnado dentro da súa propia aula, dende o inicio de curso ata o remate do mesmo. Farase fincapé na evolución curricular de cada alumno así como nos distintos aspectos pedagóxico didácticos.

**INSTRUMENTOS**

- Valoración dos traballos realizados no caderno de aula ou en calquera outro soporte.
- Probas orais e escritas (consistentes en rodear, numerar, unir ou colorear) de avaliación de contidos traballados.
- Observación diaria do traballo desenvolvido na aula, do comportamento, a participación e a actitude cara a lingua inglesa.

## 4. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

### CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS ESPECÍFICAS DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA

- **Motivación** cara á aprendizaxe no alumnado, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.
- **Actividades de movemento e lúdicas**, para o cal se recurrirá a espazos abertos tales como o patio do centro e outros espazos común. .
- **Total Physical Response** como expresión corporal do vocabulario traballado.
- **Metodoloxía activa e contextualizada**: participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras. A interacción oral entre o alumnado será unha constante.
- **Estratexias interactivas**: permiten compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.
- **Tecnoloxías da Información e a Comunicación**: acceso a recursos virtuais, empregados tanto pola docente como polo alumnado (EDI). Para isto reservouse unha hora semanal na aula de informática do centro, onde o alumnado poderá acceder ao seguinte material:
    - Blog de inglés incluído na páxina web do cole, ademáis do blog http://chattyclass.blogspot.com/ , no que a mestra especialista recolle os recursos dispoñibles na rede e que foron previamente presentados na aula. Deste xeito o alumnado poderá acceder dentro e fóra da

escola a materiais adecuados ao seu nivel de competencia lingüística.

- Páxinas web como www.abcya.com, con materiais educativos en inglés, e https://learnenglishkids.britishcouncil.org/es, con moitos recursos para aprender o idioma.
- Acceso a material dixital NAVIO ofrecido pola editorial Macmillan.

## 5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto “New Tiger” de Macmillan.
- Blog de inglés albergado na web do centro así como ob blog de inglés da mestra especialista (chattyclass.blogspot.com), na que se recopilan recursos dixitais organizados por niveis educativos e por temática.
- Materiais interactivos creados a través de google drive.
- Xogos dispoñibles na páxina web do colexio.
- Exercicios e xogos on-line ofrecidos por liveworksheets, islcollective, mes-games, eslgamesplus, mundoprimaria, OUP, Macmillan, kidzclub e primarygames, entre outros.
- Gravadoras de audio (https://online-voice-recorder.com/es/) para o rexistro da expresión oral na lingua inglesa.
- Convertidores de texto a audio para a creación de arquivos sonoros enfocados a traballar a comprensión oral.
- Folios, cores e lapis para a expresión escrita ou artística convencional.
- Aula virtual para a entrega de tarefas.

## 6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

| CRITERIOS | % |
|---|---|
| Comportamento, participación e interacción na clase | 30.00% |
| Probas e actividades de expresión oral | 40.00% |
| Probas e actividades escritas | 30.00% |

## 7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PRECESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Nas sesións de avaliación serán revisados os proceso de ensinanza e a práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvementeo das competencias clave. Esta avaliación incluirá os seguintes aspectos:

1. Valoración dos resultados xerais do grupo.
2. Valoración dos resultados por áreas.
3. Valoración do proceso de ensinanza-aprendizaxe: medidas de atención a diversidade aplicadas, clima de traballo na aula, coordinación do equipo docente.
4. Os procedementos e instrumentos de avaliación.
5. Grao de desenvolvemento das competencias clave e logro de estándares de aprendizaxe.
6. Metodoloxía empregada.

Todos estos aspectos quedarán recollidos nas actas de avaliación de cada trimestre.

## 8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- Analise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisión profesionais de actuación por parte do profesorado.
- Realización de probas de avaliación inicial.

Os resultados das probas de avaliación inicial serán analizados e comunicados ao departamento de orientación para a posta en marcha de posibles apoios.

Estes resultados servirán para adaptar a programación de aula ao nivel de competencia curricular do grupo de alumnos/as.

## 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

(Ver o punto 12 da programación)

## 10. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Para a avaliación do **proceso de ensinanza e a propia práctica docente**, teranse en conta os seguintes aspectos, sendo o 1 conseguido e o 2 pouco conseguido.

| | Indicadores | 1 | 2 |
|---|---|---|---|
| Alumnado | Adecuación da programación ao contexto de centro e aula. | | |
| | Organización e funcionamiento do grupo de clase. | | |
| | Resposta á diversidade do alumnado. | | |
| | Consecución das finalidades sintetizadas na programación. | | |
| | Funcionalidade da metodoloxía adoptada. | | |
| | Emprego de recursos da aula e do centro. | | |
| | Proposta de actividades adecuada e motivadora. | | |
| | Eficacia dos procesos de avaliación (inicial e continua). | | |
| | Funcionalidade dos procedementos e instrumentos de avaliación. | | |
| Familias | Realización de reunións grupais e claridade na transmisión de información. | | |
| | Realización de reunións individuais co conseguinte establecemento dunha relación de confianza e cooperación. | | |
| | Claridade e eficacia na transmisión de informacións. | | |
| Equipo doc | Funcionalidade das reunións de coordinación. | | |
| | Utilidade das informacións intercambiadas relevantes ao alumnado para o exercicio das funcións docentes. | | |
| | Funcionalidade e utilidade das reuniones de avaliación. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| e n t e | Prevención, seguimento e detección de problemas e dificultades. | | |
| | Precisión de informacións, proposta e execución de recursos e medidas para dar respuesta á diversidade do alumnado. | | |

## 11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

**-** Dado que neste nivel o alumnado non ten adquiridas as ferramentas necesarias para a lectura de texto escritos en inglés, a lectura de contos realizarase por parte da mestra, sempre buscando a participación do alumnado.

- Realización de actividades antes, durante e despois da lectura co fin de despertar no alumnado o interese e a participación no proceso lector.

Actividades previas á lectura:

- Vendo a portada, adiviñar sobre qué trata a historia que se vai presentar.

- Imaxinar qué personaxes aparecerán na historia.

- Presentación de vocabualario con flashcards.

Actividades durante a lectura:

- Ante un feito aparecido no conto, predicir qué ocorrerá a continuación (cómo reacionará un personaxe, qué fará, qué dirá...)

- Crear efectos sonoros coa voz para sonorizar a historia.

- Repetición oral das intervencións dos personaxes, traballando a expresividade e a dramatización.

- Inferenciar el significado de vocabulario desconocido.

Actividades despois da lectura:

- Imaxinar un final diferente.

- Cambiar o título do conto.

- Escoller o personaxe favorito e argumentar o motivo desa elección.

- Facer un debuxo retratando unha das esceas da historia.

- Dramatizar o conto na aula.

- Gravación en vídeo da devandita dramatización.

- Gravar audios con intervencións dos nenos imitando a un presonaxe.

- Expresar a opinión sobre o conto.

- Pictionary: crear un dicionario visual do vocabuario básico aprendido.

- Interpretar unha canción relacionada co conto, incluíndo xestos que expresen o significado das palabras ou expresións.

- Crear un spin-off, é dicir, desenvolver unha nova historia a partir do conto lido.

## 12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Hoxe en día, estamos a vivir na era das TIC, tendo cada vez máis importancia no currículo escolar. Non só serven para apoiar o ensino e a aprendizaxe en materias do plan de estudos, senón que tamén son un tema en si mesmo. O desenvolvemento de habilidades, o coñecemento e a comprensión no uso das TIC prepárase aos alumnos para utilizar estas tecnoloxías na súa vida cotiá e o traballo. Como tal, o papel das TIC na aula baséase non só en mellorar as experiencias de aprendizaxe dos alumnos, senón tamén a acceder, compartir, analizar e presentar a información obtida a partir dunha variedade de fontes e de moitas maneiras diferentes.

Algúns dos recursos tecnolóxicos son:

- Cámara dixital e cámara de vídeo dixital: Estes dispositivos coñecidos que dixitalizan imaxes tamén se pode utilizar para axudar no proceso educativo, pasaría unha forma diferente de espertar a curiosidade dos nosos alumnos cara a un tema.
- Audiolibros: Ter as mesmas características dun CD, que permiten aos estudantes o acceso a historias que non son capaces de ler pola súa conta ou que talvez non elixir por si mesmos.
- Encerado dixital: O software permite aos profesores crear contido rico leccións, dinámicas que abordan as habilidades específicas dos estudantes.
- Internet: Os recursos baseados na web poden proporcionar ideas novas e diferentes para as clases; algúns tamén se poden mostrar na aula para axudar ao ensino; e, fóra das aulas, os estudantes poden acceder a unha gran cantidade de páxinas que ofrecen explicacións e prácticas complementarias.
- Materiais interactivos creados a través de google drive.
- Aula virtual para a creación de recursos e fácil achega dos memos ao alumnado.

## b) Área de Educación Artística: Música

### 1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A Través dos contidos e aspectos que nesta programación serán expostos no punto, neste 2º curso de E.P. traballarase, en maior ou menor medida, na contribución de todas as competencias clave.

- **C. en comunicación lingüística (CCL)**: a través do recitado rítmico, traballo de letras de cancións e elaboracións propias. A adaptación dos grupos rítmicos a palabras sinxelas faralles tomar conciencia da separación silábica, correcta acentuación... ...Seguirase traballando a elaboración de pequenas rimas rítmicas para a creación de letras de cancións ou só para traballo rítmico.
- **C. Matemática e tecnolóxica (CMCT)**: traballando o pulso, o agrupamento de figuras e equivalencias rítmicas.
- **C. social e cívica (CSC)**: no traballo grupal, espera de quendas, respecto as producións dos compañeiros/as. Mediante diferentes letras de cancións con mensaxes de igualdade, normas, hábitos saudables, respecto...
- **Conciencia e expresión cultural (CCEC)**: me diante a interpretación, audición e reprodución de cancións, danzas da nosa comunidade e doutras culturas.
- **C. para aprender a aprender (CAA)**: adquirindo por unha banda, unha maior confianza en aquilo que pode facer por si mesmo e por outra a motivación para seguir aprendendo. Propiciarase para isto, situación que potencien a devandita motivación que o alumnado xa sente de xeito natural ante o feito sonoro.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor(CSIEE)**: creando e improvisando esquemas rítmicos, melódicos e textos axeitados a debuxos melódicos previamente dados.
- **C**. **Dixital (CD):** neste curso académico toma especial relevancia neste nivel de 1º curso esta competencia pola súa importancia na situación especial que estamos a vivir. Familiarizaranse e aprenderán a empregar a aula virtual onde visualizarán vídeos de diferentes actividades musicais e accederán a outras actividades en formato de impresión para a súa posterior realización. Gravarán actividades de creación musical, baile, canto ou interpretación instrumental que subirán a esta aula para a súa avaliación.

★ 2 .RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

| **ÁREA** | **EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)** | | **CURSO** | **SEGUNDO** |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | | **BLOQUE 1. ESCOITA** | | |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.<br>▪ B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.<br>▪ B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.<br>▪ B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva.<br>− Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.<br>▪ B1.5. Audición de pezasvocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.<br>▪ B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado. | ▪ B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. | ▪ EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EMB1.1.2. Representa graficamenteou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. | ▪ CCEC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | | | ▪ EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas. | ▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís. | ▪ CCEC |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B1.7. Audición de pezasvocais e instrumentais. | ▪ B1.2. Manterunhaactitude de respecto e de escoita activa. | ▪ EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o boestudo dos sons e a escoita das audicións. | ▪ CSC |
| ▪ j<br>▪ d<br>▪ o | ▪ B1.8. Audición activa e recoñecementodunha selección de pezasmusicais breves, de culturas e de estilos diferentes.<br>▪ B1.9. Audición activa dalgunhapeza do repertorio tradicional galego.<br>▪ B1.10. Identificación das principaisprofesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público). | ▪ B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría. | ▪ EMB1.3.1. Coñecealgunhaspersoas compositoras e relaciónaas coas súas obras. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súasfuncións, respectando e valorando os seus respectivos traballos. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ j<br>▪ e | ▪ B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.<br>▪ B1.12. Normas básicas de comportamento en concertos e outrasrepresentaciónsmusicais. | ▪ B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado. | ▪ EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado aoseu nivel. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | | | ▪ EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outrasrepresentaciónsmusicais. | ▪ CSC |
| ▪ j | ▪ B1.13. Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter.<br>▪ B1.14. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.<br>▪ B1.15. Forma musical: repetición e contraste.<br>▪ B1.16. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.<br>▪ B1.17. Pulso e acento. Compás binario. | ▪ B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxesalgúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidadeou carácter). | ▪ EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| ▪ j | ▪ B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión. | ▪ B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais. | ▪ EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias. | ▪ CCEC |
| **BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL** | | | | |
| ▪ j | ▪ B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos. | ▪ B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do | ▪ EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | ▪ B2.2. Construción de instrumentos musicaissinxelos con obxectos de uso cotián. | corpo e doutrosobxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son. | ▪ EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ j | ▪ B2.3. O xilófono e o metalófono. | ▪ B2.2. Coñecer e manexar a frauta doce e algún instrumento de aula. | ▪ EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ouacompañamentosinxelo, coa frauta e dos instrumentos da aula. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ j<br>▪ k | ▪ B2.4. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.<br>▪ B2.5. Imitación de fórmulas melódicas.<br>▪ B2.6. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono. | ▪ B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancióanssinxelas e practicando a improvisación. | ▪ EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de canciónssinxelas. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EMB2.3.2. Realiza pequenasimprovisacións melódicas sobre algunha base dada. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración. | ▪ CAA |
| | | | ▪ EM2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e canciónsao unísono. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B2.7. Imitación de fórmulas rítmicas.<br>▪ B2.8. Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación | ▪ B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. | ▪ EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | tradicional<br>▪ B2.9. Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama.<br>▪ B2.10. Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.<br>▪ B2.11. Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezasinstrumentais.<br>▪ B2.12. Selección de sonsvocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.<br>▪ B2.13. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta. | | ▪ EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EMB2.4.4. Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezasinstrumentais, con identificación da súa grafía. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EMB2.4.5. Elixe e combina sonsvocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| **BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA** | | | | |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| ▪ j<br>▪ b<br>▪ d | ▪ B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementosfundamentais de locomoción e deseños no espazo. | ▪ B3.1. Realizar pequenas coreografías. | ▪ EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente coscompañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demaispersoas. | ▪ CSC |
| ▪ j<br>▪ o | ▪ B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezasmusicais, e interpretación de danzas sinxelas.<br>▪ B3.3. Práctica dalgunha danza tradicional galega.<br>▪ B3.4. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros. | ▪ B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo. | ▪ EMB3.2.1. Responde coseucorpo a estímulos sonoros. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. | ▪ CCEC |

**3. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DA TEMPORALIZACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIAL**

## BLOQUE 1: A ESCOITA

| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|---|
| ▪ EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. | **Terceiro trimestre** | **50%** |
| ▪ EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave. | **Terceiro trimestre** | **50%** |
| ▪ EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. | **Segundo trimestre** | **50%** |
| ▪ EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades. | **Segundo trimestre** | |
| ▪ EMB1.1.5. Identifica voces masculinas e femininas. | **Primeiro trimestre** | **60%** |
| ▪ EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións. | **Segundo trimestre** | **60%** |
| ▪ EMB1.2.2. Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado. | **Terceiro trimestre** | **60%** |
| ▪ EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras. | **Terceiro trimestre** | **40%** |
| ▪ EMB1.3.2. Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público. | **Terceiro trimestre** | **50%** |
| ▪ EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou. | **Terceiro trimestre** | **40%** |
| ▪ EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. | **Terceiro trimestre** | **30%** |
| ▪ EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e | **Terceiro trimestre** | **50%** |

| | | |
|---|---|---|
| espazos), clave de sol, branca e negra. | | |
| ▪ EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son. | **Segundo trimestre** | **40%** |
| ▪ EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. | **Terceiro trimestre** | **30%** |

## BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|---|
| ▪ EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados. | **Terceiro trimestre** | **50%** |
| ▪ EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe. | **Segundo trimestre** | **30%** |
| ▪ EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. | **Terceiro trimestre** | **60%** |
| ▪ EMB2.2.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada. | **Terceiro trimestre** | **30%** |
| ▪ EMB2.2.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración. | **Terceiro trimestre** | **50%** |
| ▪ EMB2.2.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono. | **Terceiro trimestre** | **40%** |
| ▪ EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas. | **Terceiro trimestre** | **40%** |
| ▪ EMB2.3.2. Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos. | **Terceiro trimestre** | **40%** |

## BLOQUE 3: MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA

## 3.1 MÍNIMOS ESIXIBLES

- Escoita, identifica sons do contorno e clasifícaos atendendo aos parámetros de duración, altura, intensidade e timbre.
- Identifica o pentagrama como o soporte das notas musicais e recoñece a clave de Sol como o signo musical ao seu comezo.

| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|---|
| ▪ EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. | **Terceiro trimestre** | **50%** |
| ▪ EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente coscompañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demaispersoas. | **Segundo trimestre** | **40%** |
| ▪ EMB3.2.1. Responde coseucorpo a estímulos sonoros. | **Segundo trimestre** | **50%** |
| ▪ EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música. | **Terceiro trimestre** | **40%** |
| ▪ EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. | **Terceiro trimestre** | **40%** |

- Recoñece no pentagrama as notas -mi-sol-la e as figuras rítmicas básicas (redonda, branca, negra, e os seus correspondentes silencios).
- Interpreta esquemas rítmicos coas figuras musicais básicas traballadas (redonda,branca, negra e os seus correspondentes silencios).
- Coñece o valor do silencio en contraposición ao son e ser quen de identificalo como elemento privilexiado para a súa relación cos demais, especialmente nas actividades musicais de grupo.
- Descubre as posibilidades do movemento do propio corpo a través do baile libre e a través da danza escolar desenvolvendo a percepción espacial..
- Interpreta cancións adaptadas á súa tesitura, de xeito colectivo acompañadas de xestos e movementos.
- Coñece os instrumentos de pequena percusión: as súas formas, os seus nomes e os seus sons a través da súa manipulación e de diferentes audicións

## ⋆ 4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos de avaliación estarán dirixidos a acadar a maior información posible, clara e concreta sobre o proceso individual de aprendizaxe do alumnado.
Empregaranse polo tanto:

- ***Observación sistemática.***
- ***Probas orais.***
- ***Rexistro e valoración dos traballos do alumnado, tanto individuais como os colecivos.***
- ***Realización de probas escritas (fichas e traballos diarios)***
- ***Gravacións de sesión de práctica instrumental, vocal ou de danza para o seu posterior análise.***
- ***Rúbricas e listas de control.***

Durante o curso usaremos un sistema de **avaliación continua**, consistente na correción das tarefas diarias realizadas en cada área. Esta avaliación considerámola moi significativa e enriquecedora, xa que son os propios alumnos os que se decatan dos seus erros ao momento podendo deste xeito autocorrexirse.

Na avaliación trimestral teremos en conta os seguintes aspectos:

- Actitude do alumno e o esforzo influíndo na cualificación final, aínda que primarán o grao de consecución dos obxectivos e competencias clave dentro de cada área.
- Aptitude individual de cada alumno. O titor ou titora valorará a aptitude despois da observación diaria e sistemática e das distintas probas aplicadas. Favorecerase o esforzo e o traballo diario de cada alumno e farase un reforzo positivo para aqueles alumnos que carezan de certas aptitudes musicais.
- Coñecementos adquiridos priorizando aqueles contidos relacionados cos obxectivos mínimos desta área. Destacamos os coñecementos adquiridos a través do razoamento, abstracción, dedución, síntese e resumo pasando a un segundo plano a aqueles adquiridos a través da memorización.
- Procedementos de traballo. Insistiremos nunha boa organización, orde e limpeza nos traballos varios realizados dentro da aula (cartolina, folios, traballos grupais, uso das novas tecnoloxías, etc.) observando o grao de interese e motivación de cada alumno tanto a nivel individual como grupal.

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

**PEDAGOXÍAS MUSICAIS EMPREGADAS E ASPECTOS A TRABALLAR:**

- **Metodoloxía Dalcroze:**
  - Coordinacións globais simples e estruturadas
  - Xogos rítmicos e improvisatorios
- **Metodoloxía Orff – Wuytack:**
  - Uso da linguaxe como base rítmica - Prosodias rítmicas
  - Esquemas de percusión corporal
  - Instrumentos de láminas e pequena percusión.
  - Movemento libre e danzas populares.
  - Audición - Musicogramas: traballo da forma, instrumentos...
- **Metodoloxía Willems:**
  - Calidades do son – diagramas pancromáticos.
  - Xogos sonoros, localizacións, identificacións.
- **Metodoloxía Kódaly:**
  - Solfeo silábico
  - Fononimia
  - A voz e a canción como xeradoras do movemento

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

Tendo en conta a situación actual que estamos a vivir coa Covid 19 e a posibilidade dunha volta ao ensino non presencial establécese nesta área as seguintes concrecións metodolóxicas:

Neste curso de 2º de Educación Primaria e adaptándose á competencia dixital do alumnado deste nivel empregarase a aula virtual do centro para os seguintes aspectos:

Envío por parte da docente da programación semanal do curso indicado. Aquí figurarán actividades de retorno para ser corrixidas e avaliadas, enlaces e documentos informativos, de visión previa á realizacións de diferentes exercicios.

Envío por parte do alumnado de exercicios indicados pola docente, tanto de tipo escrito como audiovisual.

Emprego dos recursos que existen na nosa páxina web, como información de reforzo ou ampliación.

Ante todo promoverase unha metodoloxía activa que promova a inquietude e interese do alumnado nunha ensinanza que, sendo non presencial, dificulta a interacción e o traballo cooperativo.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Encerado vileda
- Instrumental Orff, PAI e PAD
- Partituras grupo instrumental Orff.
- Piano. (non instrumentos de vento)
- Campás sonoras de cores.
- Instrumentos de corda e percusión que traia o propio alumnado.
- Musicogramas en formato impreso
- Láminas de ilustración de instrumentos, figuras rítmicas, danzas etc.
- Cartas cos instrumentos (por familias)
- Materiais de refugallo: tubos, latas, corda, area, pedras...
- Lápices, pinturas de cores, cartolinas (de uso individual ou en pequenos grupos)
- PC, canón e pantalla táctil presente nas aulas.
- Recursos interactivos.

## 7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNO

| | |
|---|---|
| ESCOITA | 25% |
| RITMO E MOVEMENTO | 25% |
| INTERPRETACIÓN VOCAL | 25% |
| ACTITUDE (esforzo, participación e interese) | 25% |

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE

Nas sesións de avaliación serán revisados os proceso de ensinanza e a práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvementeo das competencias clave. Esta avaliación incluirá os seguintes aspectos:

g. Valoración dos resultados xerais do grupo.
h. Valoración do **proceso de ensinanza-aprendizaxe:** medidas de **atención a diversidade** aplicadas, fomento do **traballo en equipo** e**coordinación** do equipo **docente**.

i. **Planificación** adecuada das **actividades**: número, secuenciación, temporalización, nivel de dificultade e interese amosado polo alumnado (souben motivalo).
j. Os procedementos e instrumentos de avaliación.
k. Grao de desenvolvemento das competencias clave e logro de estándares de aprendizaxe.
l. **Metodoloxía** empregada e **recursos**:grado de adecuación, atractivos, suficientes

## 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo cooperativo e de equipo.

Algunha das medidas ordinarias que se poderán poñer en marcha unha vez que se detecten as dificultades, son as que seguen:

- Reforzo Educativo: no contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación: para dar resposta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Programas de enriquecemento curricular: destinado ao alumnado talentoso ou de altas capacidades con avaliación psicopedagóxica do servizo de orientación do centro que así o determine, que non foi obxecto de flexibilización.
- Metodoloxía: empregaranse de forma prioritaria as metodoloxías que promovan a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, como o aprendizaxe por proxectos.
- Programas específicos personalizados: levaranse a cabo cando se detecten diferentes problemáticas de tipo individual e contando coa colaboración das familias, como por exemplo, o programa de adquisición de hábitos de traballo na casa ou outros que se elaboren ante determinados problemas de disciplina.

- Aplicación no recollido nos protocolos de TDAH, TEA, altas capacidades, dislexia … cando sexa preciso.

## 10. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA MECANISMOS DE REVISIÓN

Para a avaliación do **proceso de ensinanza e a propia práctica docente**, teranse en conta os seguintes aspectos, sendo o 1 conseguido e o 2 pouco conseguido.

| | Indicadores | 1 | 2 |
|---|---|---|---|
| Alumnado | Adecuación da programación ao contexto de centro e aula. | | |
| | Organización e funcionamiento do grupo de clase. | | |
| | Resposta á diversidade do alumnado. | | |
| | Consecución das finalidades sintetizadas na programación. | | |
| | Funcionalidade da metodoloxía adoptada. | | |
| | Emprego de recursos da aula e do centro. | | |
| | Proposta de actividades adecuada e motivadora. | | |
| | Eficacia dos procesos de avaliación (inicial e continua). | | |
| | Funcionalidade dos procedementos e instrumentos de avaliación. | | |
| Equipo docente | Funcionalidade das reunións de coordinación. | | |
| | Utilidade das informacións intercambiadas relevantes ao alumnado para o exercicio das funcións docentes. | | |
| | Funcionalidade e utilidade das reunións de avaliación. | | |
| | Prevención, seguimento e detección de problemas e dificultades. | | |
| | Precisión de informacións, proposta e execución de recursos e medidas para dar resposta á diversidade do alumnado. | | |

## 11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓNS AO PLAN TIC

Nestes primeiros cursos de Educación Primaria a contribución ao plan Tic está limitado aos seguintes aspectos:

- Coñecemento do funcionamento da aula virtual do centro onde atoparán aspectos traballados durante as sesións de música.
- Emprego habitual da páxina web do cole durante as clases xa que alí hai traballos realizadas pola mestra especialista ou ben polo alumnado para traballar diferentes contidos desta materia. O alumnado deste primeiro curso realizará diversos traballos para a súa posterior visualización na páxina web.
- Gravación mediante o programa Audacity de audios para montaxe de audiolibros de diferentes compositores.
- Traballo na PDI (ou outro tipo de pizarra interactiva que posúa o aula).

## c) ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

### 1- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.-

A presente programación está condicionada pola situación da pandemia provocada polo COVID-19. Os distintos protocolos existentes, e aqueles que poidan xurdir, recortan sensiblemente as liñas metodolóxicas e organizativas existentes ata o de agora nas clases de educación física como son o traballo en equipo, a colaboración no grupo, a participación colectiva, a organización en grupos, o emprego de material diverso, etcétera.

A realidade desta materia é moi diferente doutras do currículo, xa que se partimos de que é unha materia de movemento, de espazos amplos, de socialización, de empatía cara ao grupo, de participación colectiva, etcétera, fai que sexa moi complicado o seu desenvolvemento ante a posibilidade dun ensino semi presencial ou non presencial, onde os aspectos sinalados con anterioridade trocaríanse por espazos reducidos (o fogar), individualidade, falla de socialización, sen relación cun grupo, e todo o que levaría un illamento do grupo clase.

Tentaremos pois adaptarnos o mellor posible a esta nova situación e aqueles posibles escenarios que poidan xurdir para cumprir coa finalidade primordial nesta materia que é desenvolver a competencia motriz do alumnado, tendo en conta as súas posibilidades e limitacións, prestando especial atención a aqueles nenos e nenas con necesidades educativas especiais, empregando en xeral estratexias inclusivas e sempre procurando a integración de coñecementos, procedementos e actitudes vinculados á conduta motora.

O traballo en Educación Física se abordará sempre dende o punto de vista global e lúdico tendo o xogo como fío condutor cara á consecución da maioría dos obxectivos da materia.

Para a realización da presente programación basearémonos no Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Infantil e Primaria na comunidade autónoma de Galicia e as instrucións do 30 de xullo do 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e

Innovación Educativa con respecto ás medidas a adoptar en relación ao curso 2020/2021.

**1.1- O CENTRO.-**

O C.E.I.P Mestre Valverde Mayo situado na parroquia de Sanguiñeda (Mos) é un centro de Educación Infantil e Primaria de titularidade pública que conta na actualidade con 217 alumnos e alumnas.

As instalacións coas que conta o centro para desenvolver as sesións de educación física é un polideportivo cuberto de propiedade municipal, de uso do colexio en horario lectivo, e o resto de instalacións coas que contaba ata o de agora como era a pista exterior de terra e mini pista de baloncesto con cuberta superior están ocupadas para outras necesidades por mor da pandemia. º En canto aos recursos materiais o centro está provisto nunha cantidade axeitada de material físico deportivo.

**2- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

A proposta para a materia de educación física é explorar por parte do alumnado todo o seu potencial relacionado coas capacidades motrices dun xeito individual e colectivo, achegarse o seu contorno, respectándoo e disfrutando do xogo como xeito de relacionarse, de respecto ós demais con independencia das súas características tanto físicas como motrices e aceptando en todo momento as normas propias dos xogos. A pesares de que a competencia motriz non esta incluída como unha competencia clave, é moi importante cara á consecución das competencias básicas:

Competencia Social e Cívica, xa que a través da práctica de actividades físicas traballanse estratexias de colaboración, de integración, de respecto , de xogo limpo, de solidariedade, etcétera.

Aprender a Aprender, o xogo permite o alumno ou alumna habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de aprender ao longo da súa vida.

Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor, adquirindo responsabilidades dentro do traballo de área necesarias para a vida cotiá e o feito de favorecer o coñecemento de si mesmo e unha mellora do control emocional.

Conciencia e Expresións Culturais reflectida na motricidade humana como feitos culturais presentes nas distintas civilizacións.

Competencia en Comunicación Lingüística desenvolta dende varias perspectivas, pero en todas elas, un denominador común, os intercambios comunicativos que permiten os xogos de comunicación oral, os xogos de representación, e un longo etcétera.

Competencia matemática e Científico Tecnolóxica desenvolta a través de apreciación de distancias e traxectorias, tamaños, formas, etcétera.

Competencia Dixital coa valoración dun xeito crítico das mensaxes referidos ao corpo procedente dos medios de comunicación e pola posibilidade do uso das TIC como xeito de atopar a información necesaria para a mellora da saúde corporal e a calidade de vida.

## 2- OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE NA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.-

Baseándonos no decreto 105/2014 onde se establece o currículo de Educación Primaria en Galicia (DOG nº 171 do 9/9/2014) preséntase a seguinte programación englobada en bloques a desenvolver ao longo deste curso.

**TÍTULO DO BLOQUE:** Coñecemento do alumnado. Presentación e liñas básicas de traballo.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| • Coñecer normas básicas fronte ao COVID-19<br>• Distinguir as normas básicas de vestimenta e aseo persoal.<br>• Normas básicas de conduta. | • Coñecemento de normas básicas de actuación fronte ao COVID 19.<br>• Adoptar medidas de seguridade na utilización de espazos e material.<br>• Tomar conciencia de coidar a saúde adquirindo hábitos hixiénicos: abrigarse, asearse, etcétera. | • Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos demais. | • Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.<br>• Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.<br>• Participa activamente nas actividades propostas.<br>• Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.<br>• Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.<br>• Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.<br>• Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase. | • CAA (Competencia Aprender a Aprender).<br>• CSC (Competencia Social e Cívica).<br>• CD (Competencia Dixital)<br>• CCL (Competencia Comunicación Lingüística). |

**TÍTULO DO BLOQUE:** O corpo: Coñecemento, movementos e coidados.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| • Coñecer e situar as principais partes do corpo.<br>• Comprobar e experimentar a lateralidade.<br>• Adoptar un axuste corporal correcto tanto en accións estáticas como dinámicas.<br>• Desprazarse e orientarse no espazo con respecto a un mesmo e os demais.<br>• Percibir distancias respecto a un mesmo e aos compañeiros.<br>• Ser capaz de realizar percorridos condicionando traxectorias e tipos de desprazamentos.<br>• Explorara o espazo na realización de percorridos libres: circuítos aventura.<br>• Asimilar e interiorizar cadencias e ritmos sinxelos.<br>• Acadar a sucesión e simultaneidade de movementos en función dos compañeiros e os obxectos.<br>• Percibir o tempo de acción e pausa nas tarefas motrices.<br>• Controlar a velocidade dos movementos en relación aos compañeiros e aos obxectos externos.<br>• Realizar accións motrices en función de estímulos sensoriais.<br>• Adaptar movementos a circunstancias rítmicas e sensoriais<br>• Practicar normas de aseo, coidado e protección corporal. | • Estrutura corporal. Percepción, identificación e representación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento (articulacións e segmentos corporais).<br>• Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes, a partir das posibilidades de movemento das distintas articulacións e segmentos corporais.<br>• Vivencia da relaxación global como estado de quietude. Toma de conciencia da respiración e as súas fases.<br>• Experimentación de situacións simples de equilibrio estático e dinámico sen obxectos, sobre bases estables, e portando obxectos.<br>• Percepción espazo-temporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...).<br>• Aceptación da propia realidade corporal.<br>• Respecto das persoas que participan no xogo.<br>• Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.<br>• Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. | • Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos demais.<br>• Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices. | • Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.<br>• Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.<br>• Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.<br>• Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.<br>• Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.<br>• Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.<br>• Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade .<br>• Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.<br>• Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.<br>• Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.<br>• Iníciase no equilibrio dinámico.<br>• Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuíndo os tempos de resposta. | • CAA (Competencia Aprender a Aprender).<br>• CSC (Competencia Social e Cívica).<br>• CSIEE (Competencia do Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor).<br>• CMCT (Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía CCL (Competencia Comunicación Lingüística). |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | • O coidado do corpo e iniciación na práctica de hábitos de hixiene corporal.<br>• Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns nas saídas polo contorno do colexio.<br>Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal. | | • Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. | |

**TÍTULO DO BLOQUE:** O corpo: Unidade en movemento, habilidades motrices.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| • Tomar conciencia dos distintos desprazamentos e as súas combinacións.<br>• Voltear cara adiante.<br>• Iniciar os saltos de altura e lonxitude con dificultade baixa.<br>• Adquirir confianza ante diferentes situacións de equilibrio.<br>• Lograr a capacidade de lanzar e recibir obxectos con distintos segmentos en posición estática. | • Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos, suspensión, lanzamentos e recepcións.<br>• Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos.<br>• Resolución de problemas motores sinxelos.<br>• Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade.<br>• Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.<br>• Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais. | • Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. | • Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.<br>• Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial.<br>• Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados.<br>• Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial .<br>• Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración. | • CAA (Competencia Aprender a Aprender).<br>• CSC (Competencia Social e Cívica).<br>• CSIEE (Competencia do Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor).<br>• CMCT (Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía CCL (Competencia Comunicación Lingüística). |

**TÍTULO DO BLOQUE:** Expresámonos co corpo.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTÁNADRES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| • Desenvolver as capacidades expresivas dun xeito espontáneo e libre a través do corpo.<br>• Adaptar o movemento corporal a secuencias rítmicas sinxelas.<br>• Practicar normas de aseo, coidado e protección corporal. | • Aceptación da propia realidade corporal.<br>• Respecto das persoas que participan no xogo.<br>• Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.<br>• Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.<br>• O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.<br>• Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns nas saídas polo contorno do colexio.<br>• Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal.<br>• Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. Sincronización do movemento con estruturas rítmicas sinxelas. Ritmos baseados na introdución de acentos nunha cadencia, ritmos baseados na duración dos intervalos (curtos ou longos).<br>• Execución de bailes ou danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, asociando o movemento corporal ao ritmo.<br>• Imitación de personaxes, obxectos e situacións.<br>• Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Recoñecemento das diferenzas no modo de expresarse.<br>• Desinhibición na exteriorización de | • Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións. | • Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.<br>• Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.<br>• Participa activamente nas actividades propostas.<br>• Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.<br>• Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.<br>• Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.<br>• Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.<br>• Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.<br>• Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.<br>• Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.<br>• Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.<br>• Adopta hábitos alimentarios saudables.<br>• Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.<br>• Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando. | • CAA (Competencia Aprender a Aprender).<br>• CSC (Competencia Social e Cívica).<br>• CSIEE Competencia do Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor.<br>• CCL (Competencia Comunicación Lingüística).<br>• CCEC (Competencia Conciencia e Expresión Culturais).<br>• CD (Competencia Dixital).<br>• CMCT (Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento. | | | |

**TÍTULO DO BLOQUE:** Xogos e deportes na escola.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| • Empregar os xogos populares e tradicionais como medio de pracer.<br>• Utilizar os xogos como medio de relación cos demais.<br>• Empregar formas xogadas para resolver situacións.<br>• Lanzar,rodar e tirar obxectos a distintas distancias.<br>• Aprender e respectar as normas básicas dos xogos.<br>• Practicar normas de aseo, coidado e protección corporal. | • Aceptación da propia realidade corporal.<br>• Respecto das persoas que participan no xogo.<br>• Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.<br>• Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.<br>• O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.<br>• Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns nas saídas polo contorno do colexio.<br>• Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal.<br>• Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.<br>• Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.<br>• Comprensión das normas de xogo e cumprimento destas.<br>• Confianza nas propias posibilidades na práctica dos xogos.<br>• O xogo como actividade común a todas as culturas.<br>• Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia. | • Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.<br>• Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.<br>• Manifestar respecto cara a contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre. | • Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.<br>• Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.<br>• Participa activamente nas actividades propostas.<br>• Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.<br>• Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.<br>• Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.<br>• Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.<br>• Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.<br>• Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.<br>• Adopta hábitos alimentarios saudables.<br>• Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.<br>• Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos.<br>• Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.<br>• Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas.<br>• Investiga e coñece xogos tradicionais de Galicia.<br>• Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas. | • CAA (Competencia Aprender a Aprender).<br>• CSC (Competencia Social e Cívica).<br>• CSIEE (Competencia do Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor).<br>• CMCT (Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía).<br>• CCL (Competencia Comunicación Lingüística). |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | • Práctica de xogos libres e organizados.<br>• Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio. Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a natureza. | | • Realiza actividades no medio natural .<br>• Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro. | |

**4- APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES PARA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

Os mínimos esixibles para este nivel son os que se citan a continuación:

- Diferenciar cabeza, orella, ollos, boca, xeonllos, mans, peito, nariz, nocellos e pés.
- Realizar accións corporais con rapidez: sentarse, dirixirse a un espazo determinado e logo colocarse no lugar inicial, etcétera.
- Pasar por obxectos en cadrupedia e posición bípeda.
- Percorrer á pata coxa un espazo determinado.
- Saltar en lonxitude e altura.
- Lanzar e recibir móbiles distintos, empregando o tren superior e inferior.
- Rodar e/ou voltear cara adiante
- Realizar actividades en grupo de xeito colaborativo.
- Realizar conxuntamente actividades de imitación e representación.
- Realizar distintas accións motrices ante estímulos diversos.
- Realizar lanzamentos e recepción de diversos móbiles en situación estática.

Tendo en conta que a actividade física é continuada no espazo tempo e que a mellora da condición física ven determinada por factores externos, será a actitude de superación a que faga evolucionar e reforzar calquera atranco atopado, sendo pois primordial traballar a autoestima e confianza nun mesmo como xeito de mellorar.

**5-CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DA TEMPORALIZACIÓN E GRAO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.**

A continuación preséntanse os estándares de aprendizaxe necesarios para superar a materia, a súa valoración está en porcentaxes e a súa temporalización por trimestres. (Cada trimestre ten un cómputo total do 100%. A ponderación global daría o cómputo final )

| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRADO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|---|
| • Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. | 1º trimestre | 10% |
| • Participa activamente nas actividades propostas. | 1º trimestre | 10% |
| • Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. | 1º trimestre | 10% |
| • Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. | 1º trimestre | 10% |
| • Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase. | 1º trimestre | 10% |
| • Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a. | 1º trimestre | 20% |
| • Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable. | 1º trimestre | 20% |

| | | |
|---|---|---|
| • Iníciase no equilibrio dinámico. | 1º trimestre | 10% |
| • Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. | 2º trimestre | 10% |
| • Participa activamente nas actividades propostas. | 2º trimestre | 10% |
| • Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. | 2º trimestre | 10% |
| • Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuíndo os tempos de resposta. | 2º trimestre | 15% |
| • Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. | 2º trimestre | 10% |
| • Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial. | 2º trimestre | 15% |
| • Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados. | 2ºtrimestre | 10% |
| • Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. | 2º trimestre | 10% |
| • Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración. | 2ºtrimestre | 10% |
| • Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. | 3º trimestre | 10% |
| • Participa activamente nas actividades propostas. | 3º trimestre | 10% |
| • Participa activamente nas actividades propostas. | 3º trimestre | 10% |

| | | |
|---|---|---|
| • Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. | 3º trimestre | 15% |
| • Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela. | 3º trimestre | 15% |
| • Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas. | 3º trimestre | 10% |
| • Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos. | 3º trimestre | 5% |
| • Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas. | 3º trimestre | 10% |
| • Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas. | 3º trimestre | 15% |

**6- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

Os procedementos de avaliación serán unha observación inicial sobre a condición física xeral. Posteriormente se realizarán avaliacións das distintas sesións tendendo sempre a realizar unha acción sumativa dos aspectos positivos e tendendo a facer correccións naqueles que sexan negativos. A observación sistemática e continua será unha ferramenta básica, así como sesións específicas para comprobar a consecución dos contidos traballados onde a rúbrica terá un especial protagonismo.

Estes medios de seguimento e avaliación do traballo realizado polo alumno serán similares ante un ensino non presencial. Nesta situación a vídeo conferencia terá unha relevancia importante no proceso de observación directa e as rúbricas seguirán tendo un relevancia moi importante como instrumento avaliativo.

**7- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS NA CLASE DE EDUCACIÓN FÍSICA.**

A materia de Educación Física vexe moi condicionada pola situación da pandemia provocada polo COVID-19. O protocolo existente no intre de elaborar esta programación especifica no apartado 16.5 as liñas a seguir. Isto implica que as liñas metodolóxicas e organizativas existentes ata o de agora nas clases de educación física como son o traballo en equipo, a colaboración no grupo, a participación colectiva, a organización grupal, emprego de distinto material, etcétera, vense moi limitadas.

Como xa se indicara ao inicio desta programación a realidade desta materia é moi diferente doutras do currículo, xa que se partimos de que é unha materia de movementos, desprazamentos, de espazos amplos, de socialización, de empatía cara ao grupo, de participación colectiva, etcétera, todo isto coas condicións actuais faise moi complicado de realizar. No caso dun ensino non presencial esta realidade complícase aínda máis (Ver Anexos Apartado 2 sobre Distintos escenarios alternativos ao ensino presencial).

Na metodoloxía a empregar salientar que en todo momento o xogo será, na área de Educación Física, o eixe principal no desenvolvemento dos

distintos obxectivos previstos para o presente nivel, se ben despois do mencionado anteriormente e coa intención de preservar o distanciamento de seguridade e o non emprego de material común entre outras medidas, no presente curso haberá actividades máis pechadas e dirixidas tal como sesións de pilates para nenos, ioga para nenos e "just dance", que seguindo a iña de traballo cos contidos propostos, terán o mando directo como base de desenvolvemento. En todo caso as actividades propostas nos diferentes xogos serán por norma xeral non pechadas, é dicir, non eliminatorias para favorecer a participación continua e total do alumnado, fomentando así a non discriminación por calquera condición e permitindo a continuidade activa e participativa de cada un dos alumnos e alumnas.

A metodoloxía a empregar tentará pois favorecer a participación do alumnado, a colaboración do alumnado (observando sempre o distanciamento de seguridade) e a resolución de situacións de xeito individual. O descubrimento guiado, o de ensaio – erro e a resolución de tarefas serán pois metodoloxías dirixidas a acadar os obxectivos previstos nesta programación, aínda que en menor medida.

En canto aos tempos e medios a empregar serán distintos ao de cursos anteriores. O uso da máscara implica actividades menos explosivas e que permitan unha recuperación entre actividades, polo que estas irán alternando o traballo aeróbico con actividades de recuperación e descanso. Con respecto aos medios a empregar procurarase medios desbotables (xornais, latas, globos, etcétera) que non impliquen compartir e polo tanto un aumento nos riscos. Ante a necesidade dun material a compartir (raquetas, plumas, balóns…) este estará numerado e o seu emprego estará asignado a cada alumno segundo a orde de lista. Despois do seu uso seguiranse os protocolos de desinfección establecidos no protocolo do centro.

## 8- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os materiais existentes no pavillón son suficientes en xeral, aínda que tendo en conta a situación se empregarán preferentemente materias alternativos desbotables como xa se indicou no apartado anterior. No caso excepcional dun material compartido será sempre desinfectado despois do seu

uso e  o alumnado seguirá o protocolo de desinfección persoal recollido nos plan existentes no centro sobre a COVID-19.

Dentro dos recursos existentes terán un papel importante o equipo de son e o ordenador.  Nun cambio de escenario a un ensino non presencial serán a aula virtual e a vídeo conferencia dous medios básicos a empregar no desenvolvemento das sesións de Educación Física.

## 9- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.-

Cara a ter a maior obxectividade preséntase a continuación os criterios de cualificación en porcentaxes:

| | |
|---|---|
| **Comprensión e asimilación de conceptos** | 25% |
| **Realización e execución das actividades** | 30% |
| **Respecto polos materiais e instalacións** | 15% |
| **Esforzo e interese** | 15% |
| **Cumprimento das normas** | 15% |

## 10- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

| INDICADORES | AVALIACIÓN |
|---|---|
| **Idoneidade das actividades propostas.** | En cada sesión realizarase unha valoración de cada actividade e tomarase nota das correccións necesarias. |
| **Idoneidade da metodoloxía empregada nas distintas actividades.** | Valoración do grao de comprensión e acción nas actividades realizadas cara a poder realizar as oportunas correccións. |

| | |
|---|---|
| **Grao de participación do alumnado na realización das actividades.** | Considerarase positivo cando a participación sexa do 100%. |
| **Grao de satisfacción do alumnado na realización das actividades.** | Considerarase positivo cando polo menos exista un 90% do alumnado que así o manifeste. |
| **Porcentaxe de superación nas distintas sesións de control e avaliación.** | A porcentaxe de superación nunca deberá ser inferior ao 95% do alumnado. |

## 11-DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

O deseño da avaliación inicial a igual que as medidas a adoptar están recollidas no apartado de ANEXOS

## 12- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No presente curso é ata o intre de elaborar a presente programación, o alumnado con NEE é dun alumno con diagnóstico TEA. Este alumno realiza sen atranco ningún todas as actividades propostas, despois da experiencia do curso pasado non ha lugar a facer ningún tipo de adaptación. Prestaráselle unha atención especial, por se , nalgún intre necesitase algún tipo de axuda.

## 13-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O área de Educación Física está aberta a cantas iniciativas deportivas e/ou de xogos poidan xurdir, pero dada a situación actual non se realizará , como viña sendo habitual, ningún contacto con clubs deportivos da zona cara a realizar actividades de exhibición para achegar as distintas modalidades ao alumnado.

## 14- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Coa intención de avaliar a propia programación haberá un protocolo de actuación que será o seguinte:

- Adecuar a programación ao marco temporal.
- Adecuar esta programación ás propias condicións do alumnado en xeral ou específico.
- Adaptar as sesións que desenvolven a programación ás necesidades do alumnado.
- Facer unha valoración por parte do alumnado das actividades desenvolvidas e dificultades atopadas cara ás pertinentes modificacións.
- Realizar unha análise obxectiva sobre os resultados acadados en cada avaliación, adoptando as medidas pertinentes que permitan ao alumnado conseguir satisfactoriamente as competencias básicas reflectidas nesta programación .

# ÁREA DE RELIXIÓN

## 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

A síntese da mensaxe cristiá, que se presenta no currículo, fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquira as competencias axeitadas.

**Comunicación lingüística**

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor,…

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

- Interactuar coa natureza de xeito respectuoso e desenvolver bos hábitos de saúde.
- Recoñecer a importancia da ciencia e confrontalas ás mostras de fe.
- Identificar elementos matemáticos (números simbólicos da Biblia, citas bíblicas...)

**Competencia dixital**

- Empregar distintas fontes para a busca de información( CD, DVD, internet,... )
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecementos.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

**Aprender a aprender**

- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente,…
- Desenvolver estratexias responsables nos traballos individuais e grupais.

**Competencias sociais e cívicas**

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia desenvolvendo a capacidade de diálogo.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa nas distintas tareas da aula.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos da sociedade.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.

- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.

**Conciencia e expresións culturais**

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético e limpeza.

## 3. Relación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

### 3.1. Obxectivos.

1. Recoñecer a bondade de Deus Pai ao crear o home para que sexa feliz.
2. Recoñecer e identificar nos relatos bíblicos a acción de Deus na historia
3. Ver en Deus Pai a vida dos Patriarcas: protección, coidado e acompañamento.
4. Recoñecer a resposta de María a Deus e valorala.
5. Comprender o que significa o tempo Advento.
6. Afondar no sentido do Nadal.
7. Identificar o Bautismo como a vía de entrada na Igrexa e os signos deste sacramento.
8. Afondar no coñecemento dos tempos litúrxicos.

### 3.2. Contidos.

**Bloque 1. O sentido relixioso do home**

- Deus, pai da humanidade, quere a nosa felicidade.
- Deus crea o home para ser o seu amigo.
- O Paraíso como signo de amizade.

**Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia**

- A Biblia narra o que Deus fixo na historia.
- Deus actúa na historia. A amizade de Deus cos Patriarcas.
- Deus propón ao home un camiño de encontro con El.

**Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación**

- Deus elixe a María para que o seu fillo se faga home.
- O Advento, espera do cumprimento da promesa de salvación.
- O Nadal: nacemento do Salvador.

**Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa**

- O Bautismo: incorporación á Igrexa.
- A unidade eclesial: fillos dun mesmo Pai.

- Xesucristo santifica o tempo: o ano litúrxico.

### 3.3. Avaliación.

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | PERFIL COMPETENCIAL .Contribución á adquisición das competencias clave | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | CCL | CMCT | CD | CAA | CSC | CSIEE | CCEC |
| Identificar na propia vida o desexo de ser feliz. | Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que o fan feliz a el e ás persoas do seu contorno. | x | | | x | x | x | |
| Entender o paraíso como expresión da amizade de Deus coa humanidade. | Le e comprende o relato bíblico do Paraíso. | x | x | x | x | | | x |
| Identificar a acción de Deus na historia en relatos bíblicos. | Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia. | x | | | x | x | | |
| Recoñecer e apreciar que Deus busca sempre a salvación do home | Escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda o pobo de Israel. | x | | | | x | x | |
| Coñecer e valorar a resposta de María a Deus. | Le e expresa, verbal ou graficamente, o relato da Anunciación. | x | | | | x | | x |
| Aprender o significado do tempo de Advento. | Identifica os signos de Advento como tempo de espera. | x | x | | x | | | x |
| Identificar o significado profundo do Nadal. | Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal. | x | x | x | x | x | | x |
| Observar e comprender os signos presentes na liturxia bautismal. | Asocia os elementos materiais da auga, a luz e o óleo co seu | | x | | x | | | x |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | significado no Bautismo. | | | | | | | |
| Tomar conciencia de que o Pai xenera a unidade da Igrexa. | Relaciona a unidade da Igrexa coa unidade dos órganos do seu propio corpo. | | x | | x | | x | |
| Coñecer o ano litúrxico e os seus tempos. | Constrúe un calendario onde sitúa os diferentes tempos litúrxicos. | | x | | x | | x | x |

**4. <u>Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave.</u>**

As aprendizaxes imprescindibles están recollidas no epígrafe anterior.

**5. <u>Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización e grao mínimo de consecución para superar a materia.</u>**

**5.1. Temporalización.**

Os distintos contidos a traballar pertencentes aos diferentes bloques figuran no epígrafe 3.2.

⋆

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| Bloque 1- 3<br>O sentido relixioso do home<br>Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación | Bloque 2<br>A revelación: Deus intervén na historia | Bloque 4<br>Permanencia de xesucristo na historia: a Igrexa |

**5.2. Mínimos esixibles.**

- ✓ Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.

- ✓ Escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda o pobo de Israel.
- ✓ Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal.
- ✓ Asocia os elementos materiais da auga, a luz e o óleo co seu significado no Bautismo.
- ✓ Relaciona a unidade da Igrexa coa unidade dos órganos do seu propio corpo.

## 6. Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán os que se describen a continuación:

- Valoración e presentación dos traballos realizados en calquera soporte.
- Probas orais e intervencións presenciais.
- Observación diaria do traballo desenvolvido na aula.
- Portafolios.

## 7. Concrecións metodolóxicas da materia.

A metodoloxía levada a cabo será activa e participativa.

- Desenvolverase unha metodoloxía activa, creativa e participativa, que combina as actividades individuais coas do grupo, e a aprendizaxe real dos contidos coa súa aplicación práctica á vida diaria.

- Promover o protagonismo do alumnado mediante lecturas en voz alta, presentación en público dos traballos, exposición dos contidos, autoavaliacións, etc.

Combinaránse as clases teóricas por parte da mestra coa realización práctica das actividades por parte dos alumnos.

As distintas actividades realizaranse no gran grupo e individuais. Empregaranse , na medida do posible, os recursos tecnolóxicos .

Farase uso da aula virtual

## 8. Materiais e recursos didácticos.

-Ademais das fichas e materiais dixitais ofertados pola mestra, os alumnos/as contarán cunha carpeta plástica onde irán gardando os seus traballos.
-O traballo dalgunhas unidades completarase con murais e pósters xa creados, algún vídeo, relatos, poemas, traballos de expresión plástica,....
-Os materiais que usaremos serán: fotocopias, Biblia infantil , dicionario, películas, parábolas, lápices varios, pinturas, gomas, afialápices, papeis varios de manualidades, tesoiras, pegamento, material de refugallo e algún soporte informático.

## 9. Criterios de cualificación.

Os **criterios de cualificación** aplicados na área serán:

| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN<br>Ensino Presencial |
|---|---|
| **Traballo diario; presentación** | 50% |
| **Actitude frente á materia.** | 30% |
| **Preguntas orais.** | 20% |

A **cualificación final** vaise obter mediante unha media ponderada, xa que será avaliación formativa, global e continua.

1ª avaliación – 20% 2ª avaliación -- 35% 3ª avaliación -- 45%